

# Erna

REVISTA GALEGA DE ECOLOXÍA  
E MEIO AMBIENTE




Primavera99

Número 27

450 Ptas.

Z  
E  
A  
P  
A  
O  
P  
M  
E  
I  
O  
A  
M  
B  
I  
E  
N  
T  
E



**Eleicións**

**En defensa do Xistral**

**Encoros no Ulla**

**Kosova**

**A rota da fraga da Reigada**

**M A N I F E S T A C I Ó N**  
domingo 6 de xuño ás 12 horas  
alameda de santiago de compostela

convocan:

asociación para a defensa ecolóxica de galiza (ADEGA), asemblea nacional antimilitarista (ANÁ-ANOC), bloque nacionalista galego (BNG),  
comités abertos de facultade (CAF), confederación intersindical galega (CIG), esquerda de galicia/os verdes (EdeG/V),  
federación ecoloxista galega (FEG), galiza nova (GN), movemento estudiantil universitario (MEU), sindicato labrego galego (SLG)



# A CORUÑA POLA RECICLAXE

Obxectivos do Plano de Xestión de  
Resíduos Sólidos Urbanos:

- Recollida selectiva en orixe da materia orgánica e dos materiais inertes por separado.
- Recollida do papel e vidro en illas de reciclaxe.
  - Obtención de biogás e compost de alta calidade.
  - Separación en destino dos materiais inertes (chatarra, plástico, cartón... ) para a súa comercialización.
- Pontos limpos: recollida selectiva de pilas, medicamentos, etc.
  - Vertedeiro de apoio, co obxectivo de redución progresiva das cantidades a verter.



Concello de A Coruña



#### 4 EDITORIAL

**ACTUALIDADE:  
EN DEFENSA DA TERRA  
5 DEPÓSITOS NA RIA DE AROUSA**

**XOCAS RUBIDO  
6 LARACHA S.O.S MEDIOAMBIENTAL  
XOSÉ REGUERIA**

**8 ENTREVISTA A BENITO BOULLOSA  
E PALOMA FERNÁNDEZ  
MANUEL SOTO**

#### ELEIÇÕES

**12 AS ELEIÇÕES MUNICIPAIS E O MEDIO  
AMBIENTE  
CARLOS VALES**

#### PARQUES EÓLICOS

**14 EN DEFENSA DO XISTRAL  
DANIEL VISPO**

#### INCÉNDIOS

**16 A PROBLEMÁTICA DOS INCÉNDIOS VISTA  
DESDE O ECOLOGISMO  
JESUS PEREIRAS LOPEZ**

#### ENCOROS

**18 DOCE ENCOROS AMEAZAN O RÍO ULLA  
XOÁN LOUZAO RODRÍGUEZ**

#### ROTEIRO

**22 ROTA DA FRAGA DA REIGADA  
MANUEL LASTRA**

#### A NOSA FLORA

**24 A VEXETACIÓN ACUÁTICA E DAS BEIRAS DOS  
CURSOS DE AUGA  
HENRIQUE NIÑO RICOI**

#### A GUERRA DOS BALCÁNS

**27 KOSOVA  
CARLOS TAIBO**

#### A NATUREZA NA LITERATURA

**30 O MAR DUN POETA DAS IRMANDADES:  
GONZÁLO LÓPEZ ABENTE (III)  
EMILIO XOSÉ ÍNSUA**

#### 32 ACTIVIDADES. LECER



Xoan G. Muras

EN DEFENSA DA TERRA foi o lema da manifestación do ano pasado con motivo do Día mundial do ambiente. A mobilización retoma-se o próximo 6 de xuño baixo o lema POLA PAZ E O MEDIO AMBIENTE. A actualidade dos principais conflitos ambientais aborda-se este número de CERNA; no que tamén se presta atención ao problema da guerra.

#### EN PORTADA

Cartel de convocatoria de manifestación asinado por ADEGA, ANÁ-ANOC, BNG, CAF, CIG, EdeG/V, FEG, GN, MEU e SLG.



ELEIÇÕES MUNICIPAIS. Unha análise das políticas ambientais no noso país mostra-nos que os poucos avances habidos nos últimos anos viñeron do ámbito das administracións locais, notoriamente no que se refere á elaboración e posta en marcha de planos municipais e comarcais de reciclaxe e compostaxe. Non cabe dúbida, por iso, que os resultados das eleccións en curso van condicionar as políticas ambientais no futuro inmediato.

**erna**  
REVISTA GALEGA DE ECOLOXÍA  
E MEDIO AMBIENTE

REVISTA GALEGA DE ECOLOXÍA E MEDIO AMBIENTE

Tel. e Fax. (981) 57 00 99  
Rúa de Touro, 21 2º  
15704 Santiago de Compostela  
E-Mail: a.d.e.g.a@mx3.redestb.es

CONSELLO DE REDACCIÓN:  
Joam Carmona, Elvira Cienfuegos, Emilio Ínsua,  
Santiago Ortiz, Xesús Pereiras, Pepe Salvadores, Manuel Soto.

EDITA: ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza). Maio - 1999.

Tanto en artigos como noutras colaboracións, respéitase a normativa lingüística do autor. CERNA non se fai copartícipe, necesariamente, das ideas, opinións e afirmacións dos autores. Todo o material da revista pode ser reproducido sempre que se cite a fonte, exceptuando as fotografías de portada e contra portada, para as que sería necesario contar co permiso dos autores. CERNA edita-se en papel reciclado 100 %, para preservar os bosques e contribuir á reciclaxe do lixo. As capas son de papel libre de cloro.

ILUSTRACIÓN DA CAPA  
Ferreiro

FOTOGRAFÍA DA CONTRACAPA  
Pepe Salvadores

DESEÑO  
Xan G. Muras

MAQUETACIÓN E IMPRESIÓN  
Grafinova, S. A.

Depósito Legal: C-913-1986  
ISSN: 1136-2677



## EDITORIAL

### POLA PAZ E O MEIO AMBIENTE

Na celebración dunha data como a do Día Mundial do Meio Ambiente, ante a situación de guerra que están a sufrir os povos de Kosovo, Sérbia e Montenegro, non podemos deixar de reivindicar da PAZ e denunciar non só o irreparábel desastre humano e ambiental senon tamén esa planificada operación de propaganda bélica que quere facer pasar por xenerosidade humanitaria o que non é máis que brutal irracionalidade militar da OTAN.

Cando máis de cen millóns de persoas viven sen teito no mundo; cando máis de cen mil morren diariamente de fame, de frío ou por falla de auga e de medicinas; cando máis de sete millóns de persoas morren todos anos no terceiro mundo por enfermidades curábeis nos países ricos; cando máis de oitocentos millóns de persoas non teñen acceso á ningún tipo de atención médica; cando miles de nenos do terceiro mundo se ven obrigados a buscar a súa subsistencia nos basureiros das grandes cidades; cando, en fin, dúas terceiras partes da poboación mundial viven ao borde miséria, non pode haber razón moral algunha que xustifique o despilfarro de tan inxentes e importantes recursos naturais, humanos e económicos na fabricación dunha enxeñería da guerra, o aniquilamento e a destrución.

Nada tén de racional e humanitario que os dirixentes de EE.UU, da OTAN e dos países europeos teñan substituído a razón, a negociación e a presión política por unha estratexia militar que está a converter a toda a poboación civil de Sérbia, Kosovo ou Montenegro en obxectivos militares colaterais; que

está a arrasar con toda a infraestrutura produtiva dun país e provocando, ademais, irreparábeis danos ambientais, co único obxectivo de recuperar os beneficios da industria de guerra americana, moi decaída desde o final da guerra fría.

Como demostran os máis de dous meses de intensivos e sistemáticos bombardeos da OTAN sobre todo tipo de obxectivos militares e civís de Sérbia, Kosovo e Montenegro, esta lóxica da guerra, só tén servido para incrementar a irracionalidade, os ódios e o sufrimento, agravando a situación dos cidadáns e cidadás albanos-kosovares que son quen maiormente sofre as consecuencias da guerra.

Nada tén tampouco de vontade humanitaria, senón de evidente cinismo, a actuación dos EE.UU, da OTAN e da UE, que non reparan en cuantiosos gastos militares mentras improvisan que facer cos miles de refuxiados kosovares que a guerra está a provocar, como se desentenderon antes dos miles de refuxiados sérbios que houberon de abandonar Croacia, Eslavonia e Bosnia-Herzegovina.

A OTAN non acude, pois, a Kosovo para reparar inxustizas nen para debater sobre a restauración de dereitos humanos e nacionais supostamente conculcados. Está simplemente a promover o influente negocio da industria do armamento e consolidar a imposición en todo o Mundo do modelo xeoestratéxico de "seguridade" e de desenvolvemento do neo-liberalismo americano. Está, en definitiva, a exercer o imperialismo ianqui, co colabo-

racionismo da UE e tamén do Estado español.

Non podemos acreditar en ningún tipo de futuro baseado na prepotencia destrutiva das armas. A única intervención externa no conflito debe ser a da ONU, co obxectivo de crear as condicións políticas que fagan posíbel unha solución negociada dos diversos conflitos nacidos da disolución da ex-Yugoslavia. Por iso, exiximos a retirada da OTAN dos Balcáns.

Non pode o ideario pacifista conformar-se con mendigar máis e/ou millores axudas para os refuxiados albanos-kosovares: temos que implicarnos en solicitar a paralización desta guerra dispostos a promover e apoiar calquer mobilización que se convoque a favor do dereito dos povos a vivir en paz, a favor de substituír a lóxica da guerra pola lóxica da negociación e a favor, por último, de que os recursos humanos, materiais e económicos que os estados ricos están a invertir en armamento se destinen a reparar os danos producidos pola guerra, a garantir a igualdade entre os pobos e a eliminar a pobreza eliminando a explotación duns pobos por outros. Sen isto, o odio entre povos fará imposíbel calquer futura convivencia e todos continuaremos a vivir nun permanente estado de guerra.

O 5 de Xuño, Día Mundial do Meio Ambiente, é unha boa oportunidade para recuperar a ilusión da luta pola PAZ. Ao tempo que reivindicamos a conservación do noso meio e dos recursos naturais compre reivindicar o desarme e a solución pacífica dos conflitos.

### POLA PAZ E O MEIO AMBIENTE

## MANIFESTACIÓN

DOMINGO 6 DE XUÑO, ÁS 12 HORAS

ALAMEDA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



## O TEU BUZÓN

AS CARTAS (DENÚNCIAS, OPINIÓNS, CRÍTICAS, PROPOSTAS DE ACCIÓN... )  
 DEVERÁN REMITIR-SE CORRECTAMENTE IDENTIFICADAS CON NOME, APELIDOS E D.I. AO  
 ENDEREZO DA REVISTA. (CERNA CONSIDERA-SE LIVRE PARA CORTAR OU RESUMIR  
 AQUELAS CARTAS QUE SE ESCEDAN DE 30 LIÑAS MECANOGRAFADAS)

### ¿PROGRESO?

## CANDO A "PERLA DE AROUSA" SE CONVERTEU NUN DEPÓSITO

Están construíndo uns impresionantes depósitos, de 80.000 m<sup>3</sup> de capacidade, no peirao de Ferrazo, en Vilagarcía de Arousa. En pouco tempo, traballando día e noite, levantaron unhas moles que atemorizan a calquera, tanto desde a terra como desde o mar. Eles chámanlle "depósitos para graneles" e a xente pensou nos graos do millo, ... Mais, pouco a pouco correuse a voz de que ían almacenar derivados do petróleo e estalou a ALARMA.

Os veciños máis próximos acenderon a mecha da indignación e a impotencia que xera tamaño despropósito, diante da falta de transparencia e información das autoridades. E, deste xeito xurdiu a Plataforma en Defensa da Ría de Arousa, formada por colectivos ecoloxistas, Confrarias, Mariscadoras, Bateiros. AA.VV., etc.

O obxectivo da plataforma é FORÁ OS DEPÓSITOS, porque son un perigo real para a Ría de Arousa a as xentes que viven nela e dela. Son moitos os argumentos que temos:

- Os paisaxísticos: crea unha barreira arquitectónica, que agora ten 20 m de altura, pero que segundo a Ordenanza 6 e o PERI do Porto a altura dos depósitos é libre (¡¡aprobado por unanimidade !!). Separa a vila do mar e crea un impacto visual desde calquera punto da ría.

- Os medioambientais: a contaminación das augas vaise producir aínda que non haxa accidentes, debido á natureza das substancias almacenadas (gasolinas, fuel-oil, gasóleo, metanol, parafina e formol). O recheo realizado (pasa de 298805 a 541876 m<sup>2</sup>) vai afectar ás marés e ás correntes das zonas próximas.

- Os produtivos: o peirao de Ferrazo linda con explotacións marisqueiras (praia de Canelas) con Planos de Explotación legalmente aprobados, está próximo ás concesións marisqueiras de Vilaxoán, Carril, e Vilanova e aos polígonos de bateas. Asemade, pódese dicir que vai afectar ao conxunto da ría na medida que avance a

contaminación e/ou haxa un accidente. Nen as Agrupacións de Mariscadoras, nen as Confrarias, nen as OPP de bateiros foron notificadas deste proxecto: fixérono de costas á xente que vive do mar. E, da ría de Arousa viven directamente 18.000 empregos do sector primario e 4.000 do sector transformador

- Os turísticos: o turismo vive dunha riqueza colectiva que é a calidade das praias e das augas, os valores ecolóxicos e a beleza paisaxística. Isto devaluase coa contaminación e o impacto visual e sicolóxico. O turismo xera na ría 4.000 empregos directos.

A PLATAFORMA EN  
 DEFENSA DA RÍA DE  
 AROUSA SACOU Á RUA  
 MÁIS DE VINTE MIL  
 PERSOAS EN ABRIL EN  
 PROTESTA POLOS  
 DEPÓSITOS E OS RECHEOS

- Os catastróficos: normalmente o que anda co lume remata queimándose algunha vez, por moitas "altas tecnolóxicas" que haxa, seguen existindo o factor humano e os erros técnicos; non temos máis que ler o xornal (Alfaques, Urquiola, Mar Exeo,...). Os propios mariñeiros nas asembleas dinno moi claro: a entrada nesta ría parece moi fácil pero non o é, resulta complicado e os petroleiros teñen menor capacidade de manobra. O tráfico marítimo de gasóleos e gasolinas, antes inexistente, e o terrestre vanse incrementar. Asemade, os depósitos están pegados a núcleos de poboación importantes (Vilagarcía, Sobradelo e Vilaxoán) e orientados de tal xeito que os ventos dominantes, no caso dunha deflagración, converterían as zonas próximas densamente poboadas nun verdadeiro inferno.

- Os éticos: están recheando con fondos públicos un ben público, o mar, para un interese especulativo privado (unha concesión administrativa de 30 ANOS por catro duros).

- Os modelos portuarios: están aplicando unha idea periclitada, a de converter ao porto mediante recheos, nunha

zona de uso industrial, cando existen polígonos industriais valeiros.

Do outro lado da balanza están os argumentos daqueles que defenden a instalación dos depósitos:

- O Presidente da Cámara de Comercio, Sr. Coello, razona que favorecen a industrialización e o progreso da zona e que son industrias galegas. Mais, ¿que industrialización é almacenar petróleo?. Si que sería importante favorecer a industrialización do sector primario que predomina na ría e non introducir un factor de risco que pon en perigo o futuro de miles de persoas.

- O Presidente da Autoridade Portuaria, Sr. Bouzas (PP), di que se resolve o problema incrementando as medidas de seguridade.

- O Alcalde de Vilagarcía, Sr. Gago (PSOE), di que a "culpa" é dos cidadáns que estiveron parados sen dicir nada.

- Por debaixo das palabras andan os feitos. O Alcalde foi modificando a Ordenanza 6 (Outubro 96; Maio 97), adaptándoa na práctica ás "necesidades" especulativas das empresas concesionarias do Porto e igualmente coas modificacións puntuais do P.E.R.I. da zona portuaria (Setembro 97 e Marzo 99), permitindo xoias urbanísticas como alturas de 18 m no sector 6 de uso hoteleiro (consideradas elevadas polo propio arquitecto municipal - informe 14/7/97) ou que no sector 1, o dos depósitos, permitan "altura libre".

Os outros dous teñen intereses directos no asunto e a realidade desmonta os seus argumentos. Os depósitos xeran tres postos de traballo (un por turno) e o beneficio de FINSA e FORESA é que lles sae máis barato que traelo por estrada desde A Coruña.

Resumindo, e para non aburrirvos, atopámonos con intereses enfrontados: dunha banda a Plataforma en Defensa da Ría de Arousa que defendemos esa grande empresa galega que é a Ría de Arousa, con 26.000 empregos directos e, doutra banda os que defenden o "progreso" poñendo en perigo á ría.

Xocas Rubido (Vilagarcía).



# EN DEFENSA DA TERRA

MANUEL SOTO



En xuño do ano pasado, baixo o lema *En defensa da Terra*, tivo lugar unha manifestación que xuntou en Santiago milleiros de persoas preocupadas polo deterioro do ambiente en todos os seus ámbitos: a destrución dos ríos polos encoros, as minicentrais, ou os vertidos de augas residuais; a contaminación da atmósfera pola chuvia ácida das térmicas, os vertedeiros incontrolados en combustión, ou o futuro transporte do lixo e a súa incineración en Cerceda; as emisións industriais nos portos e en fábricas como Repsol e Celulosas; a destrución de espazos naturais e perda dos seus valores ecolóxicos pola inadecuada localización de minicentrais e parques eólicos ou polas plantacións de eucaliptos; a contaminación ds rias e a erosión das costas; ou a contaminación difusa procedente do uso de

## LARACHA S.O.S MEDIOAMBIENTAL

XOSÉ REGUEIRA

Laracha é un dos sete concellos que compoñen a fértil e fermosa Comarca de Bergantiños. Nela, a maioría da poboación vive, directa ou indirectamente, da agricultura e a gandería, oficios que dende hai séculos veñen tremando das economías familiares da bisbarra. Como é lóxico, o lugar de residencia desta xente está ubicado no rural, é dicir, en contacto permanente coa natureza. Hoxe, o seu medio de vida está a ser gravemente ameazado por políticas agresivas e polas múltiples formas de contaminación que ten que soportar, entre as que destaca a INCINERADORA DE ACEITES USADOS E RESIDUOS TÓXICOS E PERIGOSOS DE LENDO.

O queimador de Lendo (así é coñecido), entrou en funcionamento a principios da presente década nas instalacións da empresa EPICASA, adicada a elaboración de ladrillo. O proceso seguido para a súa implantación foi o de sempre, intentar que se enterara a menos xente posíbel, evitar informar á poboación, presionar aos grupos de oposición, confundir, etc. Aínda así, a cidadanía era consciente de que queimar aceites era un proceso que ía poñer en perigo elementos tan vitais

como a saúde, a natureza e a propia economía, e así o fixo constar nunha exitosa campaña de recollida de sinaturas de oposición á planta. Pero, como en tantos outros casos, as protestas das veciñas e veciños toparon contra os muros do concello e este dou luz verde ao proxecto.

Co tempo, o potencial económico de EPICASA, que daba traballo a un bo número de familias, e o medo a represalias políticas, foron conseguindo que a oposición veciñal se trocara en simples comentarios de taberna. Do mesmo xeito, a indiferencia do resto dos concellos da comarca, aos que afectaba directamente o queimador por múltiples razóns, daba boa conta da dificultade que ía supoñer a loita contra este foco de contaminación. É indignante que os concellos non reaccionaran ante industrias que ameazan enclaves tan vitais coma as marismas de Baldaio (a sete quilómetros) ou mesmo a arteria máis importante de Bergantiños, o Anllóns.

Cando xa parecía que a loita ía ser imposíbel, a entrada en escea do plan SOGAMA e a campaña de oposición á incineración levantada en todo o país, fixera que o problema de Lendo volve-

ra a un primeiro plano. Xurdiron de novo, voces críticas que ademais de manifestar públicamente a súa oposición ao queimador, informaban dos riscos da incineración en xeral e da de aceites usados e residuos tóxicos e perigosos en particular. Editáronse panfletos, folletos informativos, apareceron artigos en revistas culturais, criáronse círculos de opinión,...., e esto, unido á campaña de oposición ao plan da Xunta de Galicia, fixo que a poboación empezase a coñecer de cerca os perigos das DIOXINAS, FURANOS, PCBS, METAIS PESADOS..., souberon dos perigos reais que conlevaba a incineración, da forma que estes produtos se incorporaban á cadea trófica, resumindo, reafirmáronse nas sospeitas que xa tiñan ao principio.

Pouco a pouco, empezaron a circular rumores sobre actividades irregulares na planta, rumores que falaban da incineración de neumáticos (hai miles almacenados na instalación), de bidóns cheos de residuos enterrados a escasos metros do río (afluente do Anllóns), de troitas mortas, de pozas de aceite,.... ata de que se queimaban pilas. Así mesmo, algúns operarios da empresa afirmaban que a chimenea non tiña ningún tipo de



agroquímicos e xurros en cantidades abusivas.

Desde a manifestación do ano pasado, os poucos signos de mellora ambiental viñeron en exclusiva do ámbito das administracións locais, concretando-se nos diversos planos comarcais e municipais de xestión do lixo. Os proxectos de reciclaxe e compostaxe do Morrazo, Barbanza, A Coruña e a Illa de Arousa teñen-se consolidado e achan-se nas primeiras fases de aplicación, mentres SOGAMA se adica á experiencias piloto de dubidosa garantía científico-técnica e resultados descoñecidos a día de hoxe. Mesmo novos concellos buscan solucións máis ecolóxicas ao tratamento do lixo, a través da compostaxe, como é o caso de Allariz.

Pero fora do eido do lixo, só atopamos indicios de racionalidade na insinuada negativa da administración central á construción do encoro de Sela. Nen as graves irregularidades detectadas nos proxectos e procedimentos de

avaliación de impacto ambiental do encoro do Úmia, das liñas de alta tensión de Merza, ou dos parques eólicos do Xistral, nen a rotunda oposición cidadá a eses proxectos, foron suficientes para que a nova Consellería de Meio Ambiente se preocupara, cando menos, de estudar e minimizar os impactos ambientais e sociais. Ao contrario, a Consellería que dirixe Carlos del Álamo convertéu-se nunha simple pero incondicional aliada das empresas e das Consellerías de Industria e de Obras Públicas, como ficou ben claro, por outro lado, ao tomar partido a favor das térmicas ante a divulgación por ADEGA de datos sobre a chuvia ácida procedentes da administración central.

A proliferación desmesurada de parques eólicos, a recuperación do antigo proxecto de PETROVIGO agora para a ría de Arousa, a intención de FENOSA de construír doce novos encoros no Ulla, a vía libre para a entrada de produtos transxénicos na

agricultura, a inexistencia de avances no tratamento dos efluentes residuais, ou o total esquecemento en que se ten a xestión dos xurros agrogandeiros mostran-nos unha serie de problemas que se veñen a sumar aos que arrastamos de vello aínda se resolver, e fan que a mobilización EN DEFENSA DA TERRA sexa máis necesaria que nunca.

Non é o momento para o desánimo senon todo o contrario. As melloras ambientais acadadas na xestión dos concellos nesta lexislatura e os cambios que traerán consigo as eleccións en curso levan-nos a afirmar que tanto desmán eclóxico ten o tempo contado. O 6 de xuño, con motivo do Día mundial do medio ambiente, contando co apoio dos colectivos ecoloxistas e doutras organizacións sociais sensíbeis ao deterioro ambiental, daremos cita de novo en Santiago. POLA PAZ E O MEIO AMBIENTE: é o momento de facer ver o noso compromiso.

filtro e que as medidas de seguridade que recollía o proxecto non se puxeron en práctica. Pero, eran unicamente rumores, foi en 1995, coa aparición no espectro político do BNG, cando o tema pasou de ser un simple problema de opinión a un serio problema político. O queimador empezou a encher páxinas nos xornais, a ser tema recorrente nos plenos, incluso motivo de comparecencia no Parlamento. Gran parte dos esforzos dos nacionalistas centráronse en averiguar se os rumores antes mencionados tiñan fundamento, as preguntas nunca tiveron resposta por parte do goberno municipal. Do mesmo xeito, as múltiples propostas presentadas esixindo un maior control sobre a planta mediante comisións nas que participaran os grupos políticos, representantes veciñais, persoal sanitario, etc, ou outros referentes a análises periódicas de augas e contaminación ambiental, incluso de solicitar dos centros hospitalarios a evolución de certas patoloxías na poboación do concello, tiveron, no mellor dos casos, por resposta a expulsión do pleno.

Non obstante, este clima de tensión política, de rumores continuos e a aparición de fotografías que podían demostrar que moitas das sospeitas eran fundadas, obrigaron a que o Concello de

Laracha publicara un bando pretendendo "tranquilizar" á cidadanía, e que o único que conseguiu foi aumentar a desconfianza.

Esta é a situación na que se atopan os habitantes de Laracha, cunha industria perigosa sobre a que non se mantén ningún tipo de control e, por se fora pouco, que acaba de obter o permiso para triplicar a súa capacidade de xestión de acei-

tes usados e residuos tóxicos e perigosos, ¡aínda recoñecendo que o impacto medio ambiental vai ser moi alto!. Se a situación era xa preocupante, agora é alarmante, cando menos.

O certo é que Laracha, pola súa situación, ten que aturar a INCINERADORA DE LENDO, a futura INCINERADORA DE CERCEDA, a CENTRAL TÉRMICA DE MEIRAMA, os polígonos de SABÓN e a GRELA, ¿alguén da máis?. Pois sí, o goberno municipal acaba de aceptar de bo grado a proposta de Paco Vázquez (alcalde de La Coruña) de mandarnos as industrias obsoletas e contaminantes, según dixo o alcalde de Laracha" que máis dá se fumegan un pouco". Pero, non é todo, imos ter que sufrir tamén un encoro que vai destruír unha importante superficie de bosque de ribeira, nun río de gran pureza de augas, afluente do Anllóns e cunha rica fauna entre a que destaca o pouco frecuente mexilón de río, e por se faltara algo, contamos tamén co proxecto dun parque eólico, nunha serra fértil e con gran potencialidade agrícola e forestal.

Xa se pode ver que aquí temos de todo, ao mellor o que nos falta é unha nuclear ou algo polo estilo,... mellor non dar ideas.



## AYUNTAMIENTO DE LARACHA

(LA CORUÑA)

Ante la nota publicada el día 27 de Octubre de 1996, sobre la Fábrica de Lendo, a instancias de la Asamblea Local del B.N.G. de Laracha, fruto de la ignorancia, falta de información y otras circunstancias, la Alcaldía del Ayuntamiento para conocimiento y tranquilidad de la ciudadanía hace pública lo siguiente:

- 1ª Que por Resolución de la Consellería de Industria y Comercio de Junio de 1992, se autorizó a PROTECCIÓN MEDIO AMBIENTAL, S. L. la gestión de los aceites usados en Galicia, consistente en la recogida, almacenamiento, pretratamiento, tratamiento y combustión para aprovechamiento energético de los mismos.
- 2ª Que por Resolución de la Consellería de Industria y Comercio de Junio de 1994 se autorizó a PROTECCIÓN MEDIO AMBIENTAL, S. L. para realizar la gestión de los residuos MAHFOI, tipo B y C, consistente en la recogida, almacenamiento, tratamiento y combustión para la producción de vapor.
- 3ª Que por Resolución de la Consellería de Industria y Comercio de Junio de 1995 se autorizó a PROTECCIÓN MEDIO AMBIENTAL, S. L. para la gestión de residuos tóxicos y peligrosos, consistente en la recogida y el almacenamiento, en el caso de pilas y acumuladores el almacenamiento y control, recogida, transporte, descarga y almacenamiento en planta de tratamiento y eliminación para los residuos líquidos, hidrocarburos pesados, residuos sólidos contaminados con aceites, grasas o hidrocarburos, filtros usados, residuos alquitrinados, emulsiones asfálticas, mezclas Agua-Hidrocarburos.
- 4ª En Febrero de 1996, presentó en la Consellería de Industria y Comercio: Declaración de carga contaminante 1995 y Programa de Autocontroles para 1996.
- 5ª En Febrero de 1996, presentó en la Consellería de Industria y Comercio, los documentos A (Folios de control de recogida) y documentos B (Documentos de control y seguimiento) con residuos gestionados: Aceites, filtros, hidrocarburos pesados tipo asfalto, mezclas Agua-Hidrocarburos y residuos sólidos contaminados, de GESTIÓN DE ACEITES USADOS DE 1995.
- 6ª En Febrero de 1996, presentó en la Consellería de Industria y Comercio la "MEMORIA ANUAL DE GESTORES DE RESIDUOS PELIGROSOS Y CONTROL DE EMISIONES CORRESPONDIENTES AL 2º SEMESTRE DE 1995".
- 7ª En esta Administración como un informe del Mesazo de 1996, emitido por AMBIO, S. A., "Entidad colaboradora del Ministerio de Industria, sobre análisis de emisiones gaseosas producidas por la fábrica de Epliano Campo, S. A.
- 8ª Se cuanta en esta Administración de un Informe de Octubre de 1996, emitido por AMBIO, S. A. -2º Control de Análisis de Emisiones Gaseosas producidas por la fábrica de Epliano Campo, S. A.
- 9ª En antecedentes en esta Administración hay un ejemplar de la DECLARACIÓN ANUAL DE PRODUCTOR O GESTOR DE RESIDUOS SÓLIDOS Y PELIGROSOS, de la Dirección del Laboratorio de Medio Ambiente Industrial, de la Dirección General de Industria, de Octubre de 1996.
- 10ª Finalmente, se dispone en el Ayuntamiento de informe del mes de Octubre de 1996, emitido por AMBIO, S. A., sobre análisis de aguas residuales de línea efluente de la planta de Lendo, en Laracha, en cuyas conclusiones se dice: "El vertido analizado cumple los límites fijados por su calidad más restrictivos (Tabla 3, R.D. 849/86 del D.P.H.)."

A la documentación anteriormente indicada hay que añadir también la "MEMORIA DE GESTIÓN DE ACEITES USADOS Y OTROS RESIDUOS 1991-1995".

Laracha, 8 de Noviembre de 1996

EL ALCALDE

Fdo.: JESUS KAMA BECERRA



# BENITO BOULLOSA

## A LOITA DE VILABOA É PACÍFICA E IMAXINATIVA

O domingo 2 de maio visitamos Vilaboa para falar con Benito Boullosa, membro da Coordinadora pola defensa das parroquias de Bértola e Figueirido. Dous anos e medio despois do comezo deste conflito, reunense en asemblea máis de dúas centas persoas, nesta ocasión un acto informativo rutinario, pois non hai nada relevante que tratar. Nos momentos álxidos acuden á asemblea máis de medio milleiro. Hoxe seguen mantendo varias reunións semanais, sexan da coordinadora ou da asemblea veciñal, coa esperanza posta nas próximas eleccións municipais. A loita non só serviu para paralisar o proxecto da empacadora e conservar o val do río Tomeza, senon que mellorou a coesión social e a as relacións entre veciños/as que antes non se coñecían. Velaí a parte boa desta historia, afirma Boullosa.

### Cómo está o proxecto da estación de transferencia de SOGAMA?

Depois de que o alcalde afirmara que nunca se faría nada pola forza, no pleno do día 27 de xaneiro de 1997 aprovouse construír a empacadora, en contra da maioría do pobo. Constituíu-se entón a Coordinadora pola defensa das parroquias de Bértola e Figueirido, e conseguimos que en todo este tempo non houbera actuación ningunha sobre os terreos, que seguen sendo dos veciños, non se iniciou ningunha expropiación. Agora temos as vistas postas nas eleccións porque temos garantido polos nosos avogados que, ao ser o polígono (no que vai a empacadora) competencia exclusivamente municipal, un novo goberno pode anular o proceso.

### Cál é a razón da rotunda oposición veciñal?

Nun referendo, o noventa e nove por cento da xente dixo que non á empacadora, por considerar que era unha violación ao val do río Tomeza (ou Gafos). Son catro centos mil metros de expropiación, unha desviación do río ao longo de mil cincocentos metros e unha afección directa ao camiño portugués. Para uns, os terreos nunca serían valorados adecuadamente, ao tratar-se de zonas produtivas e mesmo solares; para outros, as persoas máis concienciadas, non queren ningunha actuación que non sexa de conservación ou de catalogación como área de interese natural, queren que

quede aí como está. Tamén temos evidencias de que, na empacadora de Guixar había vertidos á ría, e comprobamos que hai vertidos desde os camiños.

### Contra quen se dirixe a loita?

Para nós está moi clara a utilización política deste problema, xa que estando todos os veciños en contra non se quixo dar marcha atrás. Por tanto vai contra o PP. E por suposto tamén contra SOGAMA, porque unha vez metidos comezamos a coñecer a fondo os sistemas de tratamento do lixo, e damo-nos conta de que o camiño seguido por SOGAMA non é o máis adecuado. Cando fomos a Cerceda vimos o que supuña alí o vertedeiro. Denunciamos á SOGAMA en Bruxelas; fumos alí dezanove veciños/as a presentar un proxecto elaborado polos nosos técnicos. Isto contribuíu a retrasar o tema aquí e a que o proxecto de SOGAMA tivera que cambiar xa por dúas ou tres veces. En algo melloraron-no, pero esa mellora segue sendo dependente da incineración.

### Con qué aliados contades?

Unha das claves foi o apoio que se recolleu en Pontevedra, por parte de colectivos veciñais, de defensa da ría, ecoloxistas, e tamén dos partidos da oposición. Os criterios dalgún destes últimos a nivel de Galiza non foron moi claros, pero si no que respecta a nós, tanto en Pontevedra como en Vilaboa.

### Trata-se dunha loita rotunda pero pacífica?

Un dos problemas co que nos enfrontamos é coa imaxe que se dá de


nós fora daquí, a nivel de Galiza. A TVG nunca nos sacou nada, agás resaltar aqueles actos nos que houbo elementos puntuais de violencia que nós mesmos rexeitamos e denunciados, pero pretendían dar a imaxe de que eramos uns enerxúmenos e uns selvaxes. A realidade é a contraria, a nosa loita foi sempre pacífica, menos forte que a de Vigo, e tratando de ser orixinais, sempre sen violencia. A proba disto é o apoio que recibimos de Pontevedra.

### A forte represión policial non merrou as vosas forzas?

Ao comezo empregaron mil armas represivas, para tratar de dividir á xente: a uns detiñan-nos, a outros non, a uns multaban-nos, a outros non. Como non o conseguían pasaron a medidas máis contundentes, con cargas policiais en actos como o da cabalgata de reis, ou unha manifestación nun acto de Fraga, con dúas mulleres lesionadas. Tiveron o pobo cheo de policía secreta, coches que te vixían... Agora vai decaendo algo esa persecución policial.

### Que máis resaltarias?

O funcionamento asembleario. Temos tres filtros para as decisións, o primeiro nunha reunión dos dezaoto membros da coordinadora, a continuación unha reunión de todas as persoas implicadas máis directamente, e por último a decisión final sempre se toma en asembleas nas que participa todo o pobo, unhas dúascentas ou cincocentas persoas, dependendo do momento que sexa e do que está a ocorrer. Ninguén mangonea este movemento polo seu interese particular.





## PALOMA FERNÁNDEZ NOGUEIRA

### SE NON SE PARALISAN AS OBRAS PERDEREMOS O RIO PARA SEMPRE

Nas terras do Úmia afectadas polo encoro en construción hai o convencemento de que FENOSA sempre estivo detrás, até a concesión a Cortizo das dúas centrais hidroeléctricas en outubro do 98, da que se pensa que é unha empresa interposta. Pouco antes, en xuño, molesta pola má prensa por causa deste asunto, FENOSA decidía retirar-se facendo-o público nun comunicado. As obras comezaron en abril do ano pasado, e continúan a ritmo lento, ao parecer debido ás dificultades co terreo. Mentres, a súa paralización está pendente dun fio, a causa das numerosos irregularidades, a falta de xustificación deste encoro, e a amiaza para a vila de Caldas dun potencial derrubamento. De todo isto falamos con Paloma Fernández, membro da Coordinadora anti-encoro de Caldas, Cuntis e Moraña.



#### Como xurdiu a oposición ao encoro?

O proxecto ven de hai anos, e os nosos vellos sempre dixeron que FENOSA estaba detrás dunha presa nesta zona. Cando vimos o proxecto decatámonos de que falaba de Puebla de Guzmán e do río Guadiana, e tamén nos chamou a atención o inventario faunístico... Creou-se a coordinadora e presentamos 3400 alegacións, porque non só imos perder a Fervenza (polas turbinas, unha ao pé da presa e outra 400 m máis abaixo, e polas liñas de alta tensión), amiaza-se totalmente o futuro: Caldas é unha vila termal, con dous balnearios, que non casan para nada co encoro... temos unha ribeira do río preciosa que é un atractivo turístico enorme, o xardín..., é por aí por onde hai que buscar emprego e a mellora da economía. Pola contra, a presa non aporta nada.

#### A sentenza do TSXG dá-vos a razón, pero non vos satisfai?

Para nós non é de recibo a reposta do tribunal, totalmente insensíbel ás cuestións sociais e ambientais. Resolven que o que procede é unha idennización aos propietarios dos terreos... é o resto da poboación?. Nós perdemos o río para sempre, e iso quén o idenniza?

Presentamos recurso contra a declaración de utilidade pública, a urxente ocupación das fincas e outras irregularidades na tramitación. A falla de auga no Salnés era mentira e o encoro non serve para evitar as enchentas. A sentenza dá-nos a razón en todo, pero acaban dicindo que xa é tarde para parar as obras. Nós entendemos que non, porque o 99% das fincas están intactas, nen siquera se produxo a ocupación, e solicitamos unha aclaración en tal sentido. Tamén imos pedir a execución parcial da sentenza, que paren as obras, e recurrir ante o Supremo.

#### Son moitos os informes contrarios ao encoro?

Desde un informe sobre o gravísimo impacto para a fauna e a flora (de Marco González, profesor de Bioloxía da Universidade de Santiago), o de Díaz Fierros e Álvarez Tenjo, dicindo que no Salnés non hai esa escasez de auga, e que o deseño do encoro non é para abastecemento de auga, varios informes de expertos sobre o mexilón de río (a madreperla de río) unha especie protexida que o estudo ambiental falso non pudo detectar e que desaparecerá coa construción do encoro, e os dous informes da Universidade de Vigo que din que ese

terreo non aguanta, pode que en cinco ou dez anos non suceda nada, pero que se non se toman medidas a presa non aguanta vinte anos...

Descalificaron gratuitamente o primeiro informe da U. de Vigo, pero ante o segundo, xa oficial da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais e de Minas, non contestaron. Temos que recorrer ao valedor do pobo, e por el sabemos que a Xunta dispón dun informe do 87, que di que "o terreo presenta permeabilidade, que debe ser obxecto de vixilancia posterior dos afloramentos e definir as posteriores actuacións, e que é preciso unha pantalla de impermeabilización baixo a presa". Saben que o terreo non serve, e estiveron ocultando información ao respecto.

#### Como está o ánimo da xente?

Hai a idea de que en Caldas ningún se mobiliza, pero foi reconfortante para a Coordinadora levar tanta xente a Santiago e a Pontevedra... Depois de tres anos e medio de loita, e ao comezaren as obras, pode que algúns xa se resinen (se non motivamos a xente logo cunde o desánimo... ). Fica a unha actitude xeral de indignación e cabreo, e moi má imaxen para FENOSA e a Xunta.

#### Tamén hai presentada unha querrela por falsidade no estudo ambiental?

Nós pedimos o procesamento de tres persoas e o xuíz xa imputou a outras tres, chamou a declarar a Dositeo Rguez, a Carlos del Álamo e a Amancio Nantín (conselleiros), e tamén a Tomás Fdez Couto, a Asesora Xurídica da COTOP e a empresa que fixo o estudo de impacto ambiental. Xa se atoparon probas de que as tres empresas se puxeron dacordo para concursar, o que é delito (os escritos das tres empresas saíron da mesma máquina). Teñen que explicar como se pode facer un estudo de impacto ambiental, incluídos os estudos de campo, no prazo de dez días. Para Hernández de Rojas, o tema resolvíase cun fax no que decía: *onde di Puebla de Guzman debe dicir Caldas de Reis...*



### CONCELLOS GALEGOS TOMAN MEDIDAS PARA CONTROLAR A EXPANSIÓN DO EUCALIPTO

Entre as moitas ordenanzas dos concellos sobre regulación de plantacións forestais, a do Concello de Irixoa (Coruña) cun goberno do PP destaca por prohibir novas plantacións de eucalipto en solo de núcleo rural e de solo non urbanizábel comun. Esta medida complementábase coa obriga de recuperar, despois da primeira tala, para usos agrícolas e gandeiros aqueles terreos afectados pola prohibición nos que hai actualmente plantacións. Agardemos da conciencia veciñal a forza necesaria para obrigar á súa efectividade.

### UNHA PESTE QUE AVANZA

Hoxe, dez anos despois da Iniciativa Lexislativa Popular para a conservación, millora e desenvolvemento do patrimonio forestal de Galiza, apoiada por máis de 30.000 galegos e galegas, a situación ten-se agravado. Á presión das Celulosas e dos monopólios da madeira súmanse agora o abandono de explotacións (promovido e subvencionado pola política Agraria da Unión Europea) e o consecuente despovoamento do mundo

rural. Nas terras así abandonadas, -sexan no monte ou na beira de ríos, regos e regatos; sexan hortas, pradeira ou labradío; mesmo en terras de concentración parcelaria ou en soutos e carballeiras-, prolifera agora o monocultivo do eucalipto acaparando auga, empobrecendo o solo, reducindo a biodiversidade, degradando a paisaxe, favorecendo lumes e/ou negándolles ás demais explotacións agrarias toda posibilidade de millorar nas súas expectativas de produción impedíndolles aumentar a súa base de terras. Hai zonas nas que a situación empeza a ser tan preocupante que, -ante a inoperancia das Consellerías de Agricultura e de Meio Ambiente-, son os mesmos concellos os que, dende a presión dos veciños, se están vendo obrigados a tomar iniciativas ao respecto tratando tímidamente de regular distancias a casas, lindes e camiños.

Ademais de aproveitar as posibilidades de regulación das ordenanzas municipais e a Lei do Solo de Galiza, compre unha nova política forestal que empece por respetar a vocación agropecuaria das terras e por facer compatíbeis os usos produtivo, ambiental e social dos nosos montes.

A Plataforma comarcal anti-vía rápida do Morrazo, integrada polos seguintes colectivos: Asociacións


### OPOSICIÓN A VIA RÁPIDA DO MORRAZO

Culturais Kaos, Sementeira e Xiria; Asociacións Ecoloxistas ADENA, ADENCO, ADEPAN, ERVA, Luita Verde, Natura Céltica, O Carballal e O Modaco; Asociación de Veciños Río Bouzós, Xunta de Montes de Coiro e os Partidos Políticos: EG, EU e FPG, pronunciou-se contra o novo trazado proposto recentemente pola Consellería de Obras Públicas.

A Plataforma alega que un novo vial de alta capacidade non é solución para as comunicacións da comarca, ao dificultar a accesibilidade das poboacións afectadas e non eliminar os atascos que se producen nos días de praia.

Considera asimesmo que a construción do vial podería agravar o problema no fondo da península, pola chegada masiva de coches, e denuncia a falta de estudos serios dos problemas que ocasionaría e das posíbeis alternativas, como sería o potenciamento do transporte colectivo, especialmente o marítimo.

Asimesmo, denuncia diversas irregularidades en relación co estudo informativo. ADEGA tamén presentou alegacións de contido similar.






# COMO CULTIVAR ALIMENTOS NATURAIS E DE CALIDADE



**AGROECOLOXÍA  
NA GALIZA**  
ADEGA CADERNOS Nº 4  
(Pedidos ao Telf. 981 57 00 59)



**Partindo da análise do impacto da agricultura convencional no meio, este caderno aborda tanto conceptos como criterios practicos para o manexo da horta e a agrogandeiría.**

## **OBXECCIÓN FISCAL AOS GASTOS MILITARES**

Para facer constar a tua repulsa polos gastos militares e a guerra, non deixes de facer a obxección fiscal aos gastos militares na tua declaración da renda.

A *Plataforma galega contra a guerra nos Balcáns* propónche unha obxección simbólica de 1000 Ptas. Onde di "Cuota líquida do imposto" anota-se "Dedución por obxección fiscal: 1000 Ptas". Esta cantidade ha de ingresar-se na conta nº 2091-0375-86-3000027358, e servirá para axudar a sufragar os gastos das campañas contra a guerra.

Para máis información, chama ao teléfono 981-576562 (ANÁ-ANOC)



# AS ELEIÇÕES MUNICIPAIS E O MEDIO AMBIENTE

CARLOS VALES

Concelleiro de Medio Ambiente do Concello de Oleiros, e Pte. da Comisión de Medio Ambiente e Resíduos da Mancomunidade de Municipios de A Coruña

**T**ratar de definir unhos principios básicos a propoñer na xestión medioambiental das corporacións que gobernen nos concellos galegos a partir do próximo 13 de Xuño, seméllanos unha tarefa complicada, por non decir imposible. A diversidade de situacións é tan grande que disuade dos intentos de xeralización. Pouco teñen que ver os problemas de xestión que plantexan as grandes cidades galegas, os pequenos concellos rurais do interior, as vilas históricas ou os concellos emerxentes nas áreas metropolitanas. En definitiva, ¿como dar directrices comúns para concellos urbanos como Vigo ou A Coruña, rurais e deprimidos como Monfero, O Incio ou Montederramo; vilas históricas como Xinzo de Limia, Viveiro ou Cambados; concellos metropolitanos emerxentes como Oleiros, Culleredo ou Arteixo?

## CLIENTELISMO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS

Para a maioría dos concellos galegos, na súa inmensa maioría rurais, caracterizados pola súa nula capacidade de xestión e de xeneración de recursos propios, xa sería un cambio drástico conseguir eficiencia no uso dos recursos municipais e que estes fosen utilizados á marxe de criterios clientelares. Quero dicir: que o concello sexa capaz de usar recursos escasos con racionalidade e en función das necesidades reais (por exemplo, non en construír infraes-

tructuras sobredimensionadas que logo non se usan, non en abrir pistas innecesarias ou en asfaltar outras que nen se utilizan), e que ese uso non sexa clientelar (por exemplo, facendo traídas de auga ou colocando puntos de luz "aos que me votan" e marxinando aos díscolos). So conseguir esto xa melloraría o estado do medio ambiente, simplemente porque os cartos se usarían mellor, e máis en función das necesidades realmente existentes.

## AXENDA 21 LOCAL

Noutra orde de cousas, facer propostas medioambientais para os concellos atópase con outra dificultade, e é que o medio ambiente impregna a casi todas as políticas sectoriais. Dito doutra maneira, sobre o medio ambiente inflúen as políticas municipais de transporte, de industria, de enerxía, de auga, de residuos, de urbanismo, de conservación da natureza, ou de infor-

cambio na percepción da problemática medioambiental na nosa época estriba en que, mentras no pasado a medioambiental concebíase como unha política sectorial máis (no mellor dos casos), hoxe está claro que o medio ambiente debe de estar na base e debe de condicionar todas as demais políticas sectoriais (por exemplo, as que veño de citar). Este principio quedou asumido no Cume de Río de Xaneiro do ano 92 na chamada Axenda 21, que entronizou un concepto tan interesante como deturpado, o do desenvolvemento sostible. Como queira que ese concepto debiera ter sido asumido, e aplicado, por todas as administracións públicas, dou lugar ás Axendas 21 locais, que comprometen aos concellos que as asumen a elaborar un diagnóstico da súa situación ambiental e a realizar propostas para camiñar na corrección das deficiencias. Baste constatar que, a día de hoxe, ningún concello galego ten realizado unha auditoría medioambiental completa nen ten subscrito

formalmente a Axenda 21, aunque é evidente que algúns teñen avanzado moito máis que outros nes dirección (nun exercicio rápido de memoria permíteseme citar a algúns: Allariz, Arteixo, Oleiros).



mación e participación cidadana, entre outras. Creo que o máis interesante que se pode dicir ao respecto é que o gran

**ECOLOXIA URBANA**  
En calquera caso, voume a atrever a facer algunhas propostas concretas que, de aplicarse, redundarían positivamente na situación medioambiental



dos concellos e, por ende, de Galiza. A primeira delas fai referencia á necesidade de asumir políticas de ecoloxía urbana básicas, como son as de abastecemento, saneamento e tratamento dos residuos, desde posicións de sensibilidade medioambiental. É dicir, asumir que as fontes de abastecemento de auga potable (sexan ríos, encoros ou manantiais) nunca deberán recibir a máis mínima contaminación (sexan vertidos urbanos, industriais ou agrarios, sexa contaminación puntual ou difusa). Asumir que o saneamento de augas residuais é imprescindible e que se pode conseguir a baixo custe coas tecnoloxías actualmente existentes. E asumir que non é razoable tratar a maior parte dos residuos sólidos urbanos de Galiza de forma centralizada a moitos quilómetros de distancia (en Cerceda), nen tampouco pretender utilizar o lixo para producir electricidade, a costa de icinerar restos de chuletas e mondas de plátano, cando existen alternativas de reciclaxe nas proximidades dos lugares de produción, que implican ademais a fabricación de abono con eses residuos -o compost- de enorme utilidade potencial para os montes e para a agricultura.

### CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL

A segunda proposta é dirixir a xestión municipal cara a conservación do patrimonio medioambiental do concello no seu sentido máis amplo, é dicir, contemplado como patrimonio natural, cultural e productivo. Eso significa, en definitiva, planeamento. Planeamento feito sen desprezo polo propio, desde o respecto pola paisaxe cultural que o noso pobo xenerou ao longo de moitas xeneracións. Resumindo nuns cantos exemplos de actualidade, significa combatir a disgregación urbanística, que construe casas enriba de leiras e prados mentras se deixan caer as casas dos antergos, significa evitar a destrución dos sinais de identidade cultural e paisaxística -e as vellas masas forestais autóctonas- que a concentración parcelaria plantexa como modelo modernizador, significa evitar o expolio e a privatización dos valores medioambientais dos ríos e dos montes a través dos proxectos hidroeléctricos e eólicos en curso, significa poñer couto á substitución de terras agrarias productivas por monocultivos forestais de eucaliptos, economicamente dubidosos e ambientalmente empobrecedores.

### FORMACIÓN AMBIENTAL

Por último, creo que os concellos terían que facer un esforzo pola capacitación, información e educación ambiental. É imprescindible formar técnicos con sensibilidade ante as custións ambientais, e si esta é unha tarefa que para moitos concellos semella excesiva (¿úlos técnicos?), lembro que tamén son institucións de administración local as Deputacións e as mancomunidades, quen poderían formar equipos con capacidade de asesoramento e apoio. A información ambiental é precisa na medida en que se non coñecemos os problemas que temos, dificilmente poñeremos os medios para resolvelos; e se a opinión pública descoñece cais son os problemas realmente importantes, dificilmente poderá apoiar que se centren os esforzos neles. Por último, a educación ambiental é unha ferramenta de dinamización social dos concellos a prol do medio ambiente, unha ferramenta para conseguir apoio social, cambio de valores e actitudes, e respaldo para as políticas ambientalmente comprometidas. Evidentemente, queda moito camiño por andar.



## CASTELAR DE GESTIÓN, S.L.

Avda. de Lugo, 6 - baixo  
15702 Santiago de Compostela  
Teléfono 59 50 77 / 61

## XESTORA DE COOPERATIVAS DE VIVENDA



### PROMOCIÓN EN:

Santiago  
Padrón  
Noia  
Brión  
Vigo  
Vilalba





## MOITO MÁIS QUE VENTO

Os lectores de CERNA non necesitan que reiteremos os nosos argumentos sobre os valores ecolóxicos e científicos das Serras Septentrionais de Galiza nen tampouco as razóns da nosa oposición á instalación de parques eólicos nestas Serras do Xistral. Poden, en todo caso, relese nos anteriores números de CERNA.

Necesitabamos, sen embargo, -e seguimos necesitando-, que tais argumentos (sobre a necesidade de salvar unhas turbeiras de cobertor únicas en Europa, absolutamente insustituíbeis dende o punto de vista ecolóxico e científico, e tamén de grande importancia, -pola cantidade de auga que chegan a acumular-, para a regulación do réxime hidrolóxico das concas que arrancan destas Serras do Xistral) chegasen, antes de nada, á conciencia das institucións, -Concellos, Consellerías de Industria e Meio Ambiente, Xunta de Galiza, Universidade, etc.-, e á conciencia da sociedade en xeral.

Destacar ante a opinión pública estes valores das Serras do Xistral e demais Serras Septentrionais de Galiza; denunciar a actitude das Consellerías de Industria e de Meio Ambiente ao consentir na destru-

ción dunhas turbeiras de cobertor que a lexislación califica de "hábitat natural prioritario" a incluír na Rede Natura 2000 da Unión Europea declarando, aínda por riba, de utilidade pública o que non é máis que un lucrativo negocio das empresas eléctricas; e reivindicar da Xunta de Galiza a paralización de todos os proxectos previstos para estas Serras do Xistral eran, precisamente, algúns dos obxectivos da acampada reivindicativa que, durante os pasados 23, 24 e 25 de Abril, -conxuntamente coa mocidade de GALIZA NOVA e co asociación cultural LIGA CÉLTIGA GALAICA-, vimos de celebrar no inmemorable marco da FINCA GALEA de ALFOZ.

O CASO DAS SERRAS DO XISTRAL É EXEMPLIFICADOR DA INOPERANCIA DA CONSELLERIA DE MEIO AMBIENTE E DA CONNIVENCIA DA CONSELLERIA DE INDUSTRIA COAS ELÉCTRICAS

No nivel de participación na acampada, con máis de cen tendas instaladas de distin-

tas zonas de Galiza; no interese dos participantes polas conferencias e roteiros programados; no alto grao de colaboración, totalmente desinteresado, que demostraron asociacións culturais e colectivos da zona e na total dispoñibilidade con que se ofreceron os conferenciantes e os grupos musicais que interviron nas dúas noites de música destas Xornadas, está a evidencia de que a preocupación polo Xistral e pola expoliación dos nosos máis valiosos recursos naturais tén chegado, ao menos, a un sector importante da nosa sociedade, especialmente á mocidade e á poboación máis próxima a esta zona do Xistral, dende a de Vilalba, Abadín e Muras até toda a poboación da Mariña de Lugo. Máis de seis mil cartaces e de dez mil dípticos reivindicando a DEFENSA DO XISTRAL por todo o país teñen, dende logo, servido para chamar a atención da opinión pública sobre os graves impactos destes e doutros aproveitamentos eólicos e sobre a necesidade de non consentir que o negocio das empresas eléctricas poda prevalecer sobre o interese social da conservación dos nosos recursos naturais.

Neste sentido, dende as asociacións organizadoras destas Xornadas, sentímo-



A acampada no xistral, organizada por ADEGA, Galiza Nova e a Liga Céltiga Galaica contou tamén coa colaboración da Federación Ecoloxista Galega e do grupo Erva, así como con mais de vinte colectivos e organizacións da Mariña luguesa. Unhas cincocentas persoas participaron nos concertos de cada día, elevando a participación final a máis do milleiro.

Conferencias e debates, roteiros guiados e dous macroconcertos musicais, combinaron-se co desfrute do singular marco natural da finca Galea, o paraíso da auga, e un tempo soleado tan adecuado ao propósito da convocatória como impensábel dous días antes. Esta actividade lúdico-reivindicativa constituiu o principal acto de celebración do Día da Terra (22 de abril).

A organización agradece a axuda de entidades e persoas colaboradoras, e especialmente dos grupos musicais, persoas da cultura e científicos que nos acompañaron. Entre eles, Cándido Pazó, Paloma Suances, Liñaceira, Grupo de A silveiriña, Contranoite, Cempés, Zeltia, Suso Baamonde, Skornaboís, e Papaqueixos.

nos plenamente satisfeitos, aínda que, ao mesmo tempo, plenamente conscentes de que, cunha propaganda e un traballo máis en tempo, o nivel de participación e a incidencia social destas Xornadas tería sido moito máis grande. O noso agradecemento, por tanto, a cantos puxeron tempo, esforzo e medios na realización des-

tas xornadas reivindicativas e as nosas desculpas pola desorganización que cadaquen houbo de sufrir.

Queremos, por último, destacar que o caso das Serras do Xistral non é único, tan só é o máis paradigmático e exemplificador sobre a inoperancia da Consellería de Meio Ambiente na defensa das súas competencias e sobre a total connivencia da Consellería de

O ALTO CUSTO AMBIENTAL DA ENERXIA ELÉCTRICA NA GALIZA CONTRASTA CO FEITO DE TERMOS A PIOR CALIDADE DE SERVIZO DE TODO O ESTADO

Industria coas empresas eléctricas. Moitos outros son os que teñen impactos igual de importantes e en todos eles, -o mesmo que no Xistral-, hai tamén declaración de utilidade pública a favor do negocio privado. Mais estamos seguros que, a partir, daqui imos ser moitos máis os que nos unamos a reivindicar que o interese social da conservación do noso entorno natural téñ que prevalecer absolutamente por riba dos intereses das eléctricas polo negocio. Teremos ocasión de probalo no resto dos proxectos previstos para estas Serras do Xistral (até vintedous parques eólicos máis), nos solicitados para a mesma liña de costa da Mariña de Lugo, e noutros moitos previstos para Serras como as do Careón (entre Lugo e Coruña), as da Queixa e o Eixe (en Ourense), a do Faro (en Lugo) ou nos montes de Forgoselo (na Coruña).

Pola nosa parte volver a reiterar que seguimos sendo inequívocos partidarios da enerxía eólica, mais isto non pode ser excusa para pasar por alto os graves impactos que poden derivar de cada proxecto concreto, e con tanta máis razón canto que en Galiza (en vales anegados, en ríos encorados ou en choiva ácida) xa temos pagado impactos dabondo por unha enerxía que exportamos nunha terceira parte e da que, por riba, escaso é o beneficio que, a cambio, recibe esa sociedade que sofre os impactos: temos a peor calidade de servizo de todo o Estado (son moitas as explotacións obrigadas a traballar por turnos ou a ter os seus propios xeneradores), pagamos os mesmos prezos aquí que en Valéncia, nada nos beneficiamos da suposta industrialización inducida e, en fin, nen siquera disfrutamos dos impostos que pagan as eléctricas por tan lucrativo negocio.





# A PROBLEMÁTICA DOS INCÉNDIOS VISTA DESDE O ECOLOGISMO

Jesus Pereiras Lopez

Profesor e investigador das consecuencias dos incendios forestais.



Xan G. Muras

## PREVENCIÓN: DESACTIVAR AS CAUSAS ESTRUCTURAIS E PRÓXIMAS DOS FOGOS

Desde o ecologismo sempre temos defendido que os incéndios eran produto dunha determinada política florestal, portanto mudar esa política é indispensable para solucionar este problema. Quer isto dizer, que hai que atacar as causas estruturais que se ocultan detrás do fenómeno incendiário.

E na análise destas causas estruturais soe haber coincidencia:

-É evidente que desde a década dos 60 entrou en crise umha forma de explotación do monte ligada ao sistema agrário na que amplas superficies florestais eran utilizadas para obter estrume e lenha, ou para o cultivo e para pasto do gado. O abandono destas superficies favoreceu o acúmulo de enormes cantidades de biomasa nos matos do País.

-Temos tamen que as reflorestacións efectuadas já desde os anos coarenta foron feitas con árbores (Pinheiros e eucaliptos en exclusiva) que ocupan os máximos nos índices de combustibilidade, e que aliás non perden o seu valor para industria madeireira de trituración umha vez queimadas.

-Por outro lado, os esforzos económicos tenhen-se encauzado principalmen-

te ao incremento das superficies repovoadas e mui pouco a tratamentos de tipo preventivo.

-Aliás o monte especializou-se nestas décadas nun uso florestal madeireiro, esquecendo os outros usos produtivos

É PRIORITÁRIO RECUPERAR  
O NOSO BOSQUE CADUCIFÓLIO,  
O BOSQUE NATURAL DA GALIZA,  
NO QUE OS INCÉNDIOS  
SON ESCASÍSIMOS

(gadeiro, cinegético, produción de fungos etc...), non contemplando a finalidade social e ecológica dos montes. Non se fixo nada para fomentar os planos de ordenación dos montes, planos que permitan compatibilizar esa diversidade de usos e funcións.

Mas tamen temos que ter en conta as CAUSAS PRÓXIMAS ou inmediatas, aquelas que levan a que a gente lle prenda lume ao monte. Non podemos esquecer que na Galiza a intencionalidade é elevadísima da orde do 90%. E para conhecer estas causas temos que seguir a rendabilidade que se pode tirar de que o monte arda, e neste sentido temos que diferenciar os incéndios que se geran nos matos, daqueles onde a intencionalidade vai diri-

gida cara masas arboradas. Nos primeiros a rendabilidade ven ligada a obtención de pastos para o gado, ou a limpeza de leiras e camiños, ou ao fomento e facilitación da práctica cinegética, etc... e nos segundos a rendabilidade pode vir dada pola dispoñibilidade de madeira que gera (junto co abaratamento da mesma e redución de custos na industria, já que a madeira chega seca e mais densa), sen que se ponha en perigo a regeneración da materia prima, já que, aliados ao carácter pirofítico do eucalipto, os incéndios contribuíron á mudanza na distribución de especies que a industria precisava (o eucalipto multiplicou por 3 as suas existencias nos últimos 20 anos) Tamén nestes espazos o incendio poidera ser manifestación dun conflito de uso: urbano-florestal ou agrogandeiro-florestal, sen esquecer-nos da propia rendabilidade asociada ao negocio gerado entorno á extinción dos incéndios (venta de material, aluguer de helicópteros, contratos, etc...).

Son estas causas estruturais e causas próximas as que hai que corregir mediante umha nova política florestal. Umha política que desde o ecologismo se ten defendido e materializado, entre outros, nos documentos presentados nas Jornadas organizadas no Parlamento no ano 87, na Iniciativa Legislativa Popular do ano 89 e



nas Bases para un Plano Florestal de Galiza presentadas á mesa redactora do novo Plano Florestal no ano 91. Non se trata de repetir aquí as nosas propostas, pero sinalar que ademais de garantir a diversidade de usos á que antes aludiamos, un objetivo prioritario ten que ser a recuperación progresiva da cuberta do noso bosque caducifólio, o bosque natural da Galiza, un bosque onde os incéndios son escasísimos e de produciren-se a extensión dos mesmos e moi reducida, dadas as condicións microclimáticas que geran (alta humidade relativa e baixa luminosidade) que limitan o crecemento das especies do sotobosque. Este debe ser un dos principais objetivos mas é claro que é un objetivos a longo prazo já que a destrución histórica do bosque caducifólio fai que hoje esté relegado só a un 25% do espazo florestal.

#### ALGÚNS CRITÉRIOS PARA UNHA POLÍTICA IMEDIATA

Ora ben, os efectos dunha nova política florestal sobre os incéndios notarianse de forma progresiva mas lenta, por iso de forma imediata temos que emprender outras accións:

-Non se poden reducir os orzamentos dedicados á extinción até que todos os concellos, comarcas, comunidades de montes tenham os meios de loita contra o lume apropiados, e até que exista unha rede de vixiáncia e prevención ben estruturada. Neste sentido estimamos que os medios deben ser de propiedade pública, neste tema o sector privado debe limitar-se ao mínimo, para non alimentar o "negocio do fogo".

-Segundo esta infraestrutura esté ben conformada os orzamentos irán-se destinando progresivamente máis á prevención que á extinción.

-Os empregos tenderán a ser fixos e non específicos para extinción do lume. Deverían ser destinados á restauración e protección do medio natural, de tal xeito que no verao participaran na extinción e o resto do ano realizaran labores de prevención. De tal forma que non se relacionen os postos de traballo coa existencia de incéndios.

-Estabeleceuse un mecanismo de control do mercado da madeira queimada.

-Controlara-se a gadeiria extensiva en terreos queimados. E fomentaran-se con urxencia planos de ordenación nos montes onde exista gado ceivo, para

compatibilizar os dous usos gadeiro e florestal.

OS PROPIETÁRIOS DE MONTES REPOVOADOS CON EUCALIPTOS DEBERIAN INVESTIR PARTE DAS GANÁNCIAS EN PREVENCIÓN E MESMO EN COSTEAR OS GASTOS OCASIONADOS NA EXTINCIÓN

-Temos por outra parte que as comunidades vegetais que substituíron ao monte caducifólio (os matos de tojos, gestas, uzes, etc...) son altamente combustíveis, e desde os cambios nos sistemas agrarios dos anos 60-70 non están sendo utilizadas. Outro objetivo prioritario é a valorización das biomásas do mato, onde existen diferentes posibilidades: uso na fabricación de abono en sis-

ponto de vista ecológico, mas que ao meu entender se se fai seguindo certos criterios, os efectos positivos superan aos negativos). Outros usos: fabricación de pensos, extracción de bio-alcoles, etc...

-Fomentaran-se os Planos de ordenación dos montes onde ademais de regular as diferentes producións contemplanse tamen os sistemas de ordenación do combustible.

-Emprenderase con carácter urxente a redución da combustibilidade das masas arboradas existentes, mediante a corta de pinheiros e eucaliptos en amplas bandas e substitución por caducifolias (con plantación ou favorecendo as que nacen no sotobosque), rozas obrigatórias e sistemáticas nas beiras das estradas, proximidade de vivendas, etc...

-Obrigarase de forma progresiva aos propietarios de montes destinados a un uso exclusivamente produtivo (repo-



Protesta ecoloxista contra o Plano Forestal da Xunta (1992).

temas de compostage, tanto no compostage da fracción orgánica do lixo doméstico como na dos xurros da gadeiria é preciso incorporar materia vegetal (e temos aquí un bon exemplo de como as políticas ambientais sempre están interrelacionadas: solucionando o problema dos xurros e do lixo contribuímos a solucionar o problema dos incéndios). Uso energético, misturados con outros residuos florestais poden-se fabricar briquetas ou mesmo poden ser queimado directamente en centrais como na de Alhariz (Uso problemático desde o

voados con eucaliptos) a investir parte das ganancias obtidas en prevención e mesmo en costear os posibles gastos ocasionados na extinción dos incéndios.

É este un punto sen dúbida conflictivo pero que a nós nos parece sumamente importante, o de ir responsabilizando aos propietarios de montes en mantelos numhas condicións que non faciliten a propagación do fogo, responsabilidade que é exigida á calquera en outros ambitos produtivos, mas temos que reconecer que nos montes ten-se favorecido unha certa laxitude e abandono.







Cos seus 132 km de longo e unha cunca que abrangue uns 2803 km<sup>2</sup>, o río Ulla é, despois do Miño-Sil, o máis importante de Galicia. Xera no seu percorrido espaciais de gran beleza paisaxística e ten un especial interese pola súa produción piscícola: foi, xunto co Eo, un dos principais ríos salmoneiros. A presa de Portodemouros converteuse nunha barreira infranqueable para esta e outras especies migratorias, ademais de incidir no clima da zona e no seu desenvolvemento socioeconómico. Con este precedente, non é de extrañar que, perante a noticia de que Unión Fenosa pretendía construír 12 novas presas no río, houbera oposición. Mesmo os alcaldes dos 9 Concellos afectados manifestaron a súa discrepancia co proxecto. Asociacións de todo tipo (ecoloxistas, de veciños, de pesca, culturais, deportivas,...) e persoas en particular mobilizáronse para informar da solicitude de aproveitamento hidroeléctrico e para coordinar a oposición a el. Xurdiron apoios en distintos puntos do país, que desembocaron na presentación de varios milleiros de escritos de alegacións, unhas referidas ó conxunto do proxecto, outras a

aproveitamentos concretos. E é que á pouca xente se lle escapa que Galicia, con preto de 40 encoros de produción hidroléctrica, ten pagado, en deterioro de cuncas fluviais, un tributo suficientemente alto á satisfac-

ción das necesidades enerxéticas; e cando se está exportando da orde da terceira parte da enerxía que en Galicia se produce, non pode xustificarse que o río Ulla, patrimonio natural e coleccionable, sexa posto ó exclusivo dispor dos intereses particulares dunha empresa privada. O presente artigo de Xan Louzao abonda nas características dos encoros e o impacto que causarían.

#### ANTECEDENTES

O pasado día 1 de marzo o D.O.G. publicaba o proxecto de Unión Fenosa para a construción de 12 encoros no río Ulla. Este



Manuel Soto

proxecto é unha modificación da concesión que Unión Fenosa ten dende o ano 1962 para a explotación integral da cunca do río Ulla. Lembremos que por esa concesión xa

se construíu neste río, no ano 1968, o encoro de Portodemouros con 297 hm<sup>3</sup> de volume e 75 MW de potencia.

Chama a atención que se pretenda facer valer agora esa concesión otorgada hai preto de 40 anos, no máis duro franquismo, (o que xa de por si sería razón suficiente para denegala) e cando fai máis de 30 anos que non se exercita, o que tamén dende un punto de vista legal pode ser causa de desestimación. (A administración pode denegar unha concesión se pasan máis de tres anos sen exercela por parte da empresa concesionaria).

De tódolos xeitos as razóns de máis peso

para o rexeitamento son os nefastos efectos ambientais e socioeconómicos que causarían e os nulos beneficios que xerarían, dos que falaremos máis adiante.

#### LOCALIZACIÓN DOS ENCOROS


Dos doce encoros previstos, seis irían no río Ulla (3 no alto Ulla e 3 a continuación de Portodemouros), e seis nos afluentes Pambre (un), Arnego (tres) e Deza (dous), afectando en total a nove concellos.

A estes doce encoros hai que sumar o proxecto de aproveitamento hidroeléctrico do caudal ecolóxico que verte o encoro de Portodemouros, que darían os trece aproveitamentos solicitados.

Mapa coa localización (puntos) dos trece proxectos

#### CARACTERÍSTICAS DOS PROXECTOS

No cadro que se acompaña resumimos as principais características dos encoros.



Pepe Salvadores

Arriba: Mosteiro de Carboeiro  
Páxina anterior: Castelo de Pambre





Os saltos 1,2 e 3 no Ulla e o salto 13 no Deza levan a central ao pé da presa, mentras que todos os demais levan canle de derivación. Nos saltos de Frádegas, Lamas I e Lamas II esta canle vai descuberta.

Chama a atención que a empresa deduce o caudal do alto Ulla e dos seus afluentes a partir do caudal que ten o río no concello de Santiso, xusto antes da cola de Portodemouros, e logo o caudal que solicita é maior que o obtido. Xa nos podemos ir dando unha idea do que vai suceder cos caudais ecolóxicos, máxime se temos en conta que Unión Fenosa foi multada tres veces nos últimos catro anos por non respectar estes caudais mínimos.

### ALGÚNS EFECTOS AMBIENTAIS CONCRETOS QUE CAUSARÍAN

Os Estudos de Impacto Ambiental presentados pola empresa non contemplan a maioría dos efectos que se causarían, e presentan innumerables ambigüedades e falsedades. Ademais de ser practicamente iguais todos eles. Lonxe de ser uns estudos rigurosos, están feitos para cumprir o formalismo legal, e que o seu resultado esté en consonancia co interese da empresa. Sería moi longo enumerar todos os efectos negativos que causarían, so citaremos algúns para cada encoro en concreto.

O encoro de Frádegas deixaría sen auga a un tramo coñecido como "as torrentes do Mácara", onde o Ulla alcanza o seu máxi-

mo desnivel, moi visitado por esta razón e pola súa beleza e a presenza de érbedos e acivros. A cola deste encoro afectaría a un balneario en reconstrucción.

O de Pambre levaría as súas augas ao pé do castelo de Pambre e anegaría unha ponte medieval pola que pasaba un camiño real. O castelo nin se menciona no EIA.

O salto Lamas II faría desaparecer unha pequena minicentral que vende a súa electricidade ao núcleo de Agolada e parroquias. A súa presa ubicaríase xusto antes da toma de auga de Agolada. Este encoro xunto co Lamas I e Fornelos sitúanse no val do río Arnego, que foi proposto pola Xunta de Galicia para incluír no proxecto rede natura 2000 da U.E. (sobreiral do Arnego).

Os saltos 1,2 e 3 destruírían dez kilómetros do Ulla (non deixan ningún tramo de río entre eles) no tramo máis rápido de todo o baixo Ulla. Afectaría a unha zoa case virxe de grande beleza, con vexetación autóctona e masas de sobreiras todo ao longo do río. Eliminaría a realización de deportes de auga (rafting, canoa,...) que se levan a cabo dende fai uns anos.

Se sumamos os, aproximadamente, 20 km de longo do encoro de Portodemouros cos 10 km destes tres saltos, dannos 30 km ininterrompidos de encoro. O máis sorprendente é que estes tres novos encoros se xustifican para regular o caudal de Portodemouros. É inconcebible que se pretenda solucionar un problema causado por un encoro coa construcción de tres máis.

A barbaridade complétase cos saltos de Sexo e Belmil a escasa distancia da cola de Portodemouros e case pegados entre si. Río arriba, a partir do concello de Touro, o Ulla desaparece como río pasando a ser unha sucesión de encoros.

Os encoros 13 e 14 sitúanse perto do mosteiro de Carboeiro, concretamente o nº 14 deixaría o río Deza sen auga ao seu paso por este Mosteiro. Debemos lembrar que o val do Deza tamén foi proposto pola Xunta para a súa inclusión no proxecto rede natura 2000 da U.E.

### OUTROS EFECTOS NEFASTOS

Ademais dos impactos descritos de forma telegráfica anteriormente, non debemos esquecer o que vai supoñer para todas as comarcas afectadas e para o río esta agresión.

A pesca, ademais de desaparecer nos vasos dos encoros, vai sufrir un retroceso moi grande. Ás especies migratorias (troita, reo, salmón, anguía, etc.) vaílles ser imposible o seu remonte e descenso, por atopar presas continuamente (aínda que se constrúan mecanismos de paso). Concretamente os saltos 1,2 e 3 serían o golpe de gracia definitivo para a desaparición do salmón no Ulla.

As néboas de Portodemouros multiplícaranse, e con elas as pragas e o que iso vai supoñer para todas as colleitas de froitas, viño, hortalizas, etc. cultivadas en todo o val do Ulla.

- Anegamento de moitas terras agrícolas e servidume de paso das liñas eléctricas, ademais das consecuencias que para a saúde teñen estas liñas de alta tensión.

- Asolagamento de muiños, moitos deles en uso ou en reconstrucción, e das tostas que aínda se manteñen en pé, desaparecendo así un dos símbolos culturais propios máis significativo.

O turismo rural ve desaparecer o seu principal atractivo, como é o río e a paisaxe con toda a súa beleza e con todas as actividades de lecer asociadas. A destrucción deste activo impedirá o desenvolvemento deste sector co conseguinte quebranto económico.

### A IMPOSIBILIDADE DE XUSTIFICAR OS ENCOROS

Non existe nengunha razón que xustifique a construcción destes encoros. Unha simple comparativa entre os beneficios e os costes que suporían, demostranos, ben as claras, esta afirmación.

Os costes van dende os ambientais, coa destrucción de todo o hábitat fluvial e do



ecosistema de ribeira, pasando polos económicos pola destrucción dun recurso de incalculable valor e os seus efectos negativos asociados, xa sinalados. Até incluso o custo de oportunidade ao eliminar calquer outro uso, actual ou futuro, que se quixera facer deste recurso de forma irreversible.

Polo contrario os supostos beneficios non existen. Non crean ningún posto de traballo. Neste sentido debemos recordar que Fenosa reduciu nos últimos oito anos dous mil postos de traballo en Galicia, e este proceso segue, como están denunciando precisamente estes días os sindicatos.

Tampouco xeran industrialización nin se crea ningún tecido empresarial inducido alí onde hai encoros.

A enerxía eléctrica non é máis barata en Galicia, pese a suportar os custos de xerala. É máis, o suministro é moi precario, sobre todo no rural.

Os beneficios que produzan estas centrais irán a parar exclusivamente a conta de resultados de Unión Fenosa (no ano 98 tivo uns beneficios de 28500 millóns de pesetas) e non revertirán nin na comarca nin en Galicia, nin siquiera fiscalmente, xa

que a empresa ten o seu domicilio fiscal en Madrid.

Por último tampouco a necesidade enerxética pode ser esgrimida porque Galicia é excendataria en aproximadamente un tercio da súa produción.

Con todos estes argumentos, é inaceptable que a Xunta de Galicia declare o proxecto de Utilidade Pública. Todo o contrario, suporía a expoliación dun recurso que é patrimonio común para aproveitamento exclusivo dunha empresa privada.

Esperamos e demandamos que a administración cumpla co seu deber de defender os intereses dos/as cidadáns/as galegos/as. Non teñen nengún

dereito a destruír un ben que recibimos dos nosos antepasados e que temos a obriga de deixar ás xeracións futuras.

O río non pode ser adjudicado a unha empresa para a súa explotación e lucro privado, e debe ser preservado como fonte de vida e de identidade, para o noso disfrute e o dos nosos descendentes. Así llo recordamos os máis de cinco mil galegos e galegas que presentamos alegacións a estes proxectos. Ademais de concellos, asociacións de pescadores, de veciños, culturais, asociacións ecoloxistas e, por suposto, ADEGA e a Coordinadora Antiencoros no río Ulla.

### RAFTING NO RÍO ULLA

As actuacións levadas a cabo pola Coordinadora Antiencoros no río Ulla tiveron un punto álxido o día 25 de Abril, coa celebración dunha xornada lúdico-reivindicativa que tivo como eixo o descenso en rafting dun tramo do río. A desinteresada colaboración das empresas Arrepións e Turnauga propiciaron a actividade, que tivo tan boa acollida que non foi posible atender a todas as solicitudes.

Centos de persoas se deron cita na ponte nova de Arcediago, desde onde se trasladaron ó punto de inicio do descenso. O río foi unha festa de cores ó ser ocupado polas máis de 100 persoas que o descendían en rafting, ás que se sumaban as que o facían en

canoas ou en estruturas flotantes construídas ad hoc. Outros e outras participantes facían o percorrido a pé pola beira do río, sen que puidese evitarse algún que outro chapuzón indeseado.

Ó remate, con posibilidade de elixir entre sol e sombra, agardaba o polbo... ou o xantar que cada quen trouxese. E na pausa da música dos gaiteiros, mentres as pancartas colgadas seguían insistindo na conservación do río Ulla, o comunicado final: "...asístenos a plena convicción de que é a nosa obriga moral para coas xeracións vindeiras deixarlles o río como nós o disfrutamos e, a ser posible, mellorado. E esta convicción é o noso compromiso" (...).

E.C.



Pepe Salvadores

**CAFETERÍA  
RESTAURANTE**

**Merca  
Galicia**

VIA LA CIERVA, S/N.  
POL. TAMBRE.  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

TELF.: 981 589 354

*Equilibio 3*

a túa  
**Tenda Ecolóxica**

Ronda de Nelle, 19 baixo  
15007 A Coruña  
Telf.: 981 15 36 08

*Alimentación  
biolóxica e a  
millor oferta en  
productos  
respetuosos coa  
Natureza e a  
Saúde.  
Herbas,  
Papelería,  
Librería,  
Roupa,  
Cosmética,  
Hixiene,  
Artesanía,  
Comercio xusto*



## ROTA DA FRAGA DE REIGADA A PONTENOVA (LUGO)



Texto: Manuel Lastra

**A**topase o municipio de A Pontenova, ó NE da provincia de Lugo. Administrativamente está encadrado na bisbarra de A Mariña, aínda que por xeografía, xentes e vocación poderíamos sentenciar que A Montaña é o sitio que por natureza lle corresponde.

Historicamente esta zona chamábase-lle TERRA DE MIRANDA, cuna de estirpes nobres, Artesáns do ferro como testemuñan as moitas

ferreirias, mazos e outros traballos, así como arrieiros e camiñantes que da chaira ían cara o mar de Ribadeo, e as veciñas terras de Asturias.

O río Eo é a súa arteria vital e natural; todo xirá e se desenvolve ó carón del, mesmamente serve de fronteira cos nosos veciños asturianos. Pero se algo é certo é que o río xonce povos, non xebra terras.

A Pontenova abarca once parroquias, sendo a máis sonada a da Nosa Sra. do Conforto, onde todo-los oito

de setembro se celebra unha romeiría, a cal acuden xentes vidas de máis aló da Terra de Miranda.

### FLORA

Desgraciadamente nos últimos 20 anos produciu-se unha profunda transformación na masa arbórea, e o eucalipto pouco a pouco vai invadindo terreos, non xa só de monte, senón tamén leiras e prados que os labregos van abandonando ao pechar as súas facendas agrícolas e gandeiras.

Mais aínda nos quedan unhas cantas fragas, as que estamos dispostos a preservar da súa tala e esterminio. Reigadas, San Xés, Teixidais, Vilaodriz e Goios constitúen o noso patrimonio forestal, sendo as primeiras citadas as máis salientables. Poden atoparse tamén pradairos, érbedos, capudros, acebros e loureiros espallados no medio das outras especies típicas das fragas.

### FAUNA

Aparte das especies máis comúns, ultimamente pódense observar con bastante frecuencia corvos mariños, que permanecen ó longo do río Eo, case todo o inverno.

Garzas, martiños peixeiros, merlo rieiro, ánada, parrulos son bastante comúns. Dos abutres que falaban os vellos só queda a lembranza, dos lobos os contos e as lendas. Eso si, temos raposos, corzos e xabaríns en abundanza.

### A MINA

Como testemuñan os cinco fornos que blasonan o noso concello, aquí en Terras do Eo, houbo certamente un gran movemento obreiro propiciado polas Minas de Ferro de Vilaodriz, que empezaron a producir no 1905.

O mineral de ferro despois de sufrir un proceso precocido, nos fornos, era transportado nun tren mineiro a Ribadeo, onde era embarcado cara a Bilbao para o seu fundido e transformación. As minas deixaron de producir nos anos sesenta.



### A ROTA


Dende a Pontenova, e pola estrada de Fonsagrada, dirixímonos (en autobús) até o Zarro do Pedro, non sen antes deternos na cume de Couto de Frades (960 m) para ollar cinco mámoas que ali hai dende tempos da cultura megalítica. Ollamos tamén ó lonxe e en días claros o Cordal da Serra dos Ancares e a vila de Fonsagrada pousada enriba dun lombo de 1000 m. O Zarro do Pedro (800 m) e un mesón ou taberna de aldea; até hai poucos anos, alí aínda se podían escoitar contos e lendas de lobos. Pertiño podemos ver un cruceiro xiratorio, que os arrieiros movían según quen fora o que pasara; os que viñan detrás sabían por iso, quen eran os que lle precedían.

Dende o zarro e xa andando, pasamos por Barreiros, aldea de 607 casas, sen nada que salientar. Seguindo unha pista abaixo, adentrámonos por fin na Fraga de Reigadas. A fraga ocupa unha valgada duns 5 km de longo. Está surcada lonxitudinalmente polo río de Reigadas. E recolle no seu transcorrer os regos de río de Campos, Seimeira, Barreiros e San Xés.

A rota está sinalizada aínda que con bastantes deficiencias, xa que logo, en algúns sitios pódese un trabucar; de todolos xeitos a intuición natural sempre resolve este problema. Baixamos pois, polas beiras do río de Reigada, por unha senda de moi bo levar, que sempre é agradecido para os camiñantes. O primeiro alto no camiño é o Pozo de Reigadas, onde brinca cantareira unha ferverza e tamén unha presa que serve para a captación de auga do suministro ó concello; sigamos logo.

Facemos outro alto na Ponte de Paradela, onde se bifurcan os camiños: San Paio por un lado, Vilarxubin por outro, mais pensando-o ben, collemos o do medio, o da Seimeira. A Seimeira é un dos puntos máis emblemáticos da rota; conta con dúas ferverzas, onde as augas choutan e brincan rebuldeiras polo medio das pedras e canles cara os muiños que dormen acougados e tristes tempos pasados de seiturias, historias esquecidas, amores incomprendidos, promesas incumpridas. Os rodicios da historia, agora detidos son testemuña de todas estas cousas que foron e que xa non son.

Pero como o río, a vida segue e nós dende aquí, e sempre ó seu carón, dirixímonos á Ferreiría de Bogo. A funda-



ción desta remóntase ó redor do ano 1534, aínda que é de supoñer que xa antes existía algún tipo de aproveitamento. Foi o seu promotor Pedro de Miranda. Os donos señores da casa de Ribadeneira, alúgana ó basco Juan de Belastegui. Non traballaba a mediados do século XVIII, só se sabe que había dous mazos, que existiron até non hai moitos anos no lugar do Machuco.

A suba que o ferro experimentou a finais do XVIII foi o factor que posibilitou a súa reconstrución total non se conservando nada da antiga. No 1798 Pedro de Oia Miranda Saavedra e dous socios máis, Domingo Rodil e Antonio Bermúdez, acordan restaurala. Un incendio sucedido un 29 de Xuño de non se sabe moi ben que ano, acabaría para sempre con está importante factoría, da que se conservan as paredes e a vivenda. De todo o conxunto sobrancea o banzado e a presa que desvía a auga do río Reigadas, ben labradas e

rematadas, feito que non se dá noutros lugares. A finais do século pasado ou a comezos do presente, unha pequena parte das ruínas foi acondicionada para montar un muiño, que aínda pode funcionar agora, pero leva parado moitos anos.

Deixamos con nostalgia a Ferreiría, os rodicios, os foles, o batelar do mazo, o trafego imaxinario da Ferreiría e, paseniñamente, chegamos ó Machuco, que como o seu nome indica trátase dun pequeno mazo, que teremos que recuperar para integralo no Plan de restauración que se propón ó concello.

Xa case coa rota vencida e rematada, aínda atravesámolo río por un tronco de madeira, a xeito de pasarela, cun grao de dificultade para aqueles camiñantes menos avezados. Dende Moíño e por unha estrada ou pista, dirixímonos á Hermida onde nos agarda o autobús.



# A VEXETACIÓN ACUÁTICA E DAS BEIRAS DOS CURSOS DE AUGA

Henrique Niño Ricoi

O trazo máis importante que caracteriza ás plantas acuáticas e das beiras dos cursos de auga é a necesidade de vivir nun ambiente permanentemente húmido, o que afecta dun modo directo á súa estrutura e condiciona as súas funcións vitais.

As plantas, segundo a súa capacidade para a regulación do seu contido en auga, poden separarse en dous grupos claramente diferenciados.

Hai plantas capaces de regular o contido hídrico, polo que non dependen estritamente da dispoñibilidade de auga do medio no que viven. As adaptacións para adquirir esta capacidade facilitaron a invasión da terra polos vexetais, orixinarios inicialmente, como a vida mesma, do medio acuático. As principais adaptacións experimentadas foron a aparición da cutícula e da cortiza suberizada que impiden a perda de auga e a formación de estomas nesas capas impermeables, para facilitar o imprescindible intercambio gasoso.

Outras plantas non son capaces de regular ese contido hídrico. Dependen, polo tanto, da dispoñibilidade de auga do ambiente no que viven, ben sexa do substrato no que arraigan ou do medio no que medran. Destas plantas, algunhas poden tolerar a desecación por medio de distintos mecanismos que lles permiten perder auga pouco a pouco e incluso deter a súa actividade por baixo de determinado nivel de humidade, para volver a normalidade cando se recupera ese nivel.

Polo xeral, as plantas absorben a auga do substrato polas raíces ou do medio aéreo pola superficie dos seus órganos aéreos. Pero unha vez que se esgotan as reservas de auga do seu entorno, se a planta carece de mecanismos de regulación, ao seguir transpirando acaba por desecarse. Estas plantas, sensibles á desecación, só poden vivir en ambientes con dispoñibilidade permanente de auga (solos húmidos, hábitats sombríos ou acuáticos, etc.), tal como sucede cos vexetais acuáticos e de solos húmidos.



*Chantaxes de auga*

*Espiga de auga*

Outro factor importante, a ter en conta ao estudar as adaptacións das plantas aos distintos medios, é a presión osmótica que poden soportar as súas células sen lesionar os órganos implicados na transpiración, así como a variación que pode experimentar esa presión ao longo dun período determinado.

O primeiro fenómeno que sucede nas células vexetais ao tomar auga é o inchamento. Despois, mediante o proceso de difusión, a auga vaise distri-

búndose homoxeneamente polo espacío ata alcanzar o equilibrio na concentración. A membrana celular, no proceso de difusión a través dela (ósiose), compórtase como unha membrana semipermeable, non deixa pasar as substancias disoltas do mesmo xeito que o disolvente.

A entrada da auga só se detén cando a presión hidrostática producida, como consecuencia da dilución e aumento de volume, impide o posterior incremento da cantidade de auga. A presión que existe cando se equilibra o número de moléculas que atravesan a membrana nun e outro sentido recibe o nome de presión osmótica.

Segundo este factor, hai plantas que non soportan variacións na súa presión osmótica celular e que, polo tanto, necesitan un contido en auga constante ou pouco variable. As plantas acuáticas e de solos húmidos, xunto ás plantas suculentas e aqueles vexetais que non soportan a desecación, pertencen a este grupo.

Pola contra, hai outras plantas capaces de soportar amplas variacións na súa presión osmótica celular. A este grupo pertencen as plantas resistentes á desecación, as plantas propias de ambientes secos, plantas amantes do sol, etc.

As plantas acuáticas (**hidrófitos**) e as plantas terrestres que viven en atmosferas moi húmidas e reciben do solo, permanentemente húmido, abundante abastecemento de auga (**higrófitos**), constitúen a meirande parte da vexetación acuática e das beiras dos cursos de auga, presentando en cada caso particularidades especiais para adaptarse a eses ambientes.

## PLANTAS ACUÁTICAS (HIDRÓFITOS)

As plantas acuáticas, segundo o lugar onde habitan, pódense clasificar en tres grupos distintos:

\* **Plantas mergulladas**, que viven completamente dentro da auga.

\* **Plantas anfíbias** cunha parte dentro da auga e outra parte fora dela.



\* **Plantas de solos encharcados (helófitos)** que son plantas nas que só as raíces e partes inferiores das ramas viven dentro da auga.

As plantas mergulladas, ou a parte acuática das plantas anfibias, experimentan unhas importantes adaptacións ao medio no que teñen que medrar. Entre estas adaptacións podemos destacar as seguintes.

Algúnhas, por non ser necesarias, carecen de raíces (*Ceratophyllum*, *Lemna*, *Utricularia*).

Para permitir absorber directamente da auga o CO<sub>2</sub> e o O<sub>2</sub>, así como as sales minerais disoltas, os caules e follas situados baixo a auga presentan unha organización especial, chamada higromorfia.

Estes órganos mergullados posúen unha membrana epidérmica moi delgada, provista dunha cutícula moi delicada, que a penas opón resistencia á entrada de gases e sustancias disoltas.

Por non ser necesarios, a epiderme das follas carece de estomas e de pelos.

Para compensar a escasa concentración de osíxeno, máis baixa na auga que no aire, aumentan moito a superficie das follas, que son moi delgadas e a miúdo divididas en finas lacinias. Esta adaptación tamén compensa a baixa concentración en sales minerais do medio acuático.

Como o proceso de transporte faise principalmente por difusión directa, os vasos conductores están moi reducidos ou faltan por completo.

Debido ao empuxe que experimentan de abaixo a arriba faise innecesario en caule e follas a existencia de tecidos de sostén. Ao sumo, nas plantas que medran en lugares sometidos a fortes correntes, estes órganos adquiren resistencia á tracción.

Para mellorar a flotabilidade e facilitar a difusión dos gases no interior do vexetal, almacenan aire co obxectivo de incrementar o volume e número dos espazos intercelulares.

As follas flotantes e as que permanecen fora da auga son similares ás das plantas terrestres, adaptándose para favorecer a transpiración co desenvolvemento de limbos foliares moi grandes, delgados, tenros, glabros ou con pelos vivos e cos estomas levantados da epiderme. Frecuentemente teñen forma e consis-

tencia diferente que as das follas mergulladas.

### PLANTAS TERRESTRES DE CLIMAS HÚMIDOS (HIGRÓFITOS)

As plantas que habitan nunha atmosfera moi húmida e reciben do solo permanentemente húmido un abundante abastecemento de auga, presentan adaptacións para favorecer a transpiración, similares ás que presentan as plantas acuáticas e palustres.

Posúen limbos foliares grandes, delgados, ternos e xugosos, sen pelos ou con pelos e papilas vivas que aumentan a superficie de transpiración e lles dan un aspecto aveludado.

As paredes externas dos seus órganos están provistas dunha epiderme moi delgada e cubertas cunha cutícula moi fina.

Os estomas, contrariamente ao que pasa nas plantas de climas secos que os teñen afundidos, están máis ou menos levantados da superficie foliar.

Algúnhas plantas posúen pelos glandulares ou grupos de pequenas células (hidatodos) que desprenden activamente auga, aínda que a atmosfera estea saturada de humidade.



*Ceratófilo*



*Ouca*

En correspondencia á escasa transpiración necesaria en ambientes húmidos e umbrosos, o sistema radical e os vasos conductores están pouco desenvolvidos.

### AS ESPECIES MÁIS CARACTERÍSTICAS

A vexetación doceacuícola dispónse formando bandas nas marxes das lagoas, charcas e regatos. As especies máis características, segundo a zona onde se atopan, son as que a continuación se relacionan.

- Plantas sempre mergulladas:

*Isoetes longissimum*

*Ceratophyllum demersum*

- Plantas flotantes non enraizadas:

**Lentella de auga** (*Lemna minor*)

- Plantas acuáticas enraizadas:

**Espiga de auga** (*Potamogeton natans*)

**Ouca** (*Ranunculus peltatus*)

**Herba da prata** (*Ranunculus omyophyllus*, *R. ololeucus*)

**Ambroíño de río** (*Nymphaea alba*)

- Plantas terrestres das beiras dos cursos de auga:

**Carrizo** (*Phragmites australis*)

**Espadana amarela** (*Iris pseudacorus*)

**Herba de ouro** (*Ranunculus sp.*)

**Chantaxe de auga** (*Alisma plantago-aquatica*)

**Berro femia** (*Apium nodiflorum*)

**Agrión** (*Nasturtium officinalis*)

**Amenta de lobo** (*Lycopus europaeus*)

**Amenta** (*Mentha sp.*)



Cada día, a natureza está mais amiazada e mais degradada.

A contaminación e os resíduos fan casi imposible unha vida san.

O modelo económico baseado no consumismo leva ao esgotamento dos recursos naturais de todo o planeta, extendendo a probeza e a fame en enormes rexións. O equilibrio ecolóxico do planeta está en perigo: camada de ozono, efecto invernadoiro e cambio climático, amiaza nuclear, desertización, redución da biodiversidade...

Cumpre actuar xá. Na Galiza tamén. Fai-te sócia/o

## PARA A DEFENSA DA NATUREZA COLABORA CON ADEGA

### SE ES SÓCIO...

- Das-lle forza ao ecoloxismo e fas posíbel os seus proxectos de defensa da natureza.
- Apoias unha via alternativa de desenvolvemento ecolóxico e galego.
- Loitas contra a contaminación dos ríos e os mares, do solo e do ar.
- Favoreces a conservación dos espazos naturais, da flora e da fauna.

### E ADEMAIS...

- Recibirás CERNA, Revista galega de ecoloxia e meio ambiente.
- Estarás ao día a respecto das actividades que organiza Adega nas que, cando non sexan gratuítas, terás desconto.
- Poderás beneficiarte dun desconto no material bibliográfico de que dispón a Asociación.

### ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA (ADEGA)

Rúa de Touro, 21 - 2º  
15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif. e FAX: (981) 570099

Apelidos ..... Nome .....

Data de nacemento ..... Profesión ..... NIF .....

Enderezo: Rúa ..... C.P. ....

Localidade ..... Provincia ..... Teléfono .....

### CUOTAS

#### Inscripción como Socia/o

(inclúe a suscripción á revista "Cerna")

- Xuvenil, estudantes, parados (3000 ptas./ano)
- Normal (6.000 ptas./ano)
- De apoio (indicar cantidade: ..... ptas.)

#### Suscripción á revista "Cerna"

Suscripción anual (4 números) 1.700 ptas.

#### Suscripción a "Adega Cadernos"

600 ptas./número. (Para sócios/as 300 ptas./número)

(Periodicidade estimada 2 números por ano)

### FORMA DE PAGO

- Ingreso na conta de Caixa Galicia N.º 2091 0300 40 30 40119852, enviando xustificante do mesmo
- Domiciliado

Banco ou Caixa .....  
Sucursal/localidade .....  
Núm. de conta: ( \_ \_ \_ / \_ \_ \_ / \_ \_ / \_ \_ )  
Titular .....

Prego que até novo aviso fagan efectivos a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), con cargo a miña conta os recibos que ao meu nome lles presente a devandita Asociación.

Data: .....

Asdo: .....





Carlos Taibo

Kosova é o nome albanés -Kosovo en serbocroata- dun país de 11.000 km<sup>2</sup> nos que hai dez anos vivían dous millóns de persoas. Un 90% eran albaneses, e a única minoría significada, un 7% da poboación, aportábana os serbios. A presenza de albaneses en Xugoslavia completaba-se con outras bolsas de poboación nas veciñas Macedonia e Montenegro, de tal xeito que fóra das fronteiras de Albania residía unha parte notábel -se cadra un 40%- da poboación albanesa existente nos Balcáns.

No marco rexional, Kosova é economicamente importante -conta con apreciábeis riquezas mineiras e hidroeléctricas-, e iso aínda que o seu relevo no escenario planetario é pouco máis que nulo. A duras penas pode invocar-se argumento xoeconómico para dar conta, por tanto, do aparente interese que nos últimos anos amosaron potencias externas.

Dúas diferencias fundamentais parecen existir entre o conflito de Kosova e o de Bosnia. Dunha banda, a importancia de Kosova para o nacionalismo serbio é moito maior: aos ollos daquel, Serbia xurdiu en 1389 en virtude dunha

batalla celebrada en Kosovo Polje. Doutra, mentres os grupos étnicos presentes en Bosnia mantiveron unha histórica relación de mestizaxe, non se pode dicir o mesmo de Kosova, onde albaneses e serbios se enfrontaron con crueza ao menos desde hai cen anos.

#### A HISTORIA

Os nacionalismos albanés e serbio sosteñen teses distintas no que atinxe a quen foron os habitantes "primixenios" de Kosova. A historiografía albanesa sostén, claro, que foron os albaneses, descendentes directos dos ilirios, que poboaron o territorio séculos antes de Cristo; só nos séculos XIII e XIV, e tras unha imposición armada, deviron os eslavos maioría da poboación. A historiografía serbia estima, en troques, que os albaneses, produto serodio dunha mestura de pobos, só fixeron a súa aparición en Kosova no século XVI, de resultas da imposición otomana; mentres, os serbios estaban presentes no territorio desde o século VI.

As disputas sobre eventuais movementos de poboación teñen sido moitas, polo demais, no século XX e identifican etapas de emigración masiva de albane-

ses -a primeira Xugoslavia (1918-1941); os anos iniciais do Estado titista- ou de serbios -as guerras mundiais; os anos finais do Estado federal-. Eses debates conclúen case sempre que o número de albaneses que deixou Kosova no século XX é moito máis alto que o de serbios.

Cómpre subliñar que entre 1945 e 1974 Kosova -inserto, en Xugoslavia, dentro de Serbia- careceu nos feitos dun poder autónomo, algo que entre os albanokosovares suscitou unha queixa universal: mentres eslovenos, montenegrinos e macedonios, todos eles menos numerosos que os albanokosovares, tiñan repúblicas propias, e disfrutaban dun teórico dereito de autodeterminación, semellantes posibilidades estaban vedadas en Kosova, onde o goberno serbio impuña políticas moi represivas. As cousas empezaron a mudar en 1974, cando unha nova Constitución lle recoñeceu a Kosova a condición de provincia autónoma: seguía sen ser unha república e dependía aínda de Serbia, pero nos feitos as súas atribucións eran similares ás das repúblicas. O novo marco suscitou lecturas enfrontadas: se para moitos albaneses deixaba sen resolver o principal, para o nacionalismo



serbio emerxente supuña un lamentábel traspaso do poder a estruturas que, alleas á Belgrado, querían alentar -nuncá se demostrou isto dun xeito convincente- a expulsión dos cidadáns serbios.

**A ABOLICIÓN DA CONDICIÓ  
AUTÓNOMA E O MOVEMENTO  
DE DESOBEDIENCIA CIVIL**

A partir de 1986, e con Milosevic á cabeza, verificou-se en Serbia o pulo dunha modalidade agresiva de nacionalismo que rompeu moitas das regras de xogo dun Estado federal que a unha aguda crise económica engadía os efectos da incertidume xerada pola morte de Tito. O goberno serbio defendeu políticas centralizadoras, estimulou a ilegal creación de "rexións autónomas" en Croacia e en Bosnia, alterou o vigor das normas que regulaban a sucesión na presidencia colectiva e despregou discursos de franca demonización de diversos grupos étnicos, e en lugar singular dos albaneses de Kosova.

En 1989 o goberno serbio aboliu a condición autónoma de Kosova. En virtude desta medida, visibelmte conculcadora das constituções kosovar, serbia e xugoslava, o parlamento kosovar foi disolto, abriu-se camiño unha crúa represión, conculcaron-se dereitos básicos, prohibiuse o ensino en albanés, privou-se do seus empregos aos albaneses que traballaban na economía pública -inaugurando un réxime de xenuíno apartheid- e aplicou-se o que nos feitos era unha lei marcial.

Perante oito anos a resposta da maioría albanokosovar adoptou a forma dun movemento de desobediencia civil. Ao seu abeiro organizaron-se, na clandestinidade e no territorio máis pobre da antiga Xugoslavia, un sistema sanitario e outro educativo, ao tempo que cobraban corpo diversas estruturas políticas. A sociedade civil máis sólida da Europa de Leste xurdía, paradoxalmente, no máis castigado dos escenarios. Claro que os resultados non eran palpábeis: Belgrado mantiña unha xigantesca maquinaria represiva, mentres a comunidade internacional ollaba cara outro lado.

Cómpre subliñar, sen embargo, que a

sociedade paralela que nos ocupa antes era unha resposta biolóxica á agresión que o produto dun discurso radical e elaborado. Outro problema aportábo a progresiva burocratización da resistencia. A Liga Democrática, dirixida por Rugova, alcanzou unha posición de preeminencia, e nalgún momento pareceu asumir que a situación xeral era relativamente cómoda. A firma do tratado de Dayton en Bosnia, en 1995, fixo esvaece moitas das esperanzas que os albanokosovares colocaran nunha mediación internacional. Así, unha parte da resistencia empezou a examinar o horizonte dunha resposta armada. Como quer que o goberno serbio pechaba o camiño a calquera negociación, era lóxico que a maioría das forzas albanokosovares reclamasen o recoñecemento do dereito de autodeterminación.

**DO CONFLICTO BÉLICO AO  
ATAQUE DA OTAN**

A finais de 1997 operaron-se dous cambios no escenario kosovar. O primeiro afectou a moitos albaneses que, como dixemos, se inclinaron pola violencia; o

Exército de Liberación de Kosova (ELK) foi a principal concreción desta posición. O segundo foi un endurecemento nas políticas de Belgrado, produto ante todo da incorporación dun partido parafascista -o Partido

Radical de Seselj- ao goberno serbio.

A confrontación bélica desenvolveuse ao longo de 1998, e no seu transcurso o ELK foi perdendo terreo. O conflito xerou un millar de mortos e 200.000 refuxiados. A chegada do inverno e a presión internacional facilitaron unha tregua e a firma, en outubro de 1998, dun acordo de paz. Este implicaba a retirada de moitos dos continxentes militares serbios, o desarmamento do ELK, un réxime de autonomía e a apertura dun período de normalización. Todo debía ser fiscalizado por dous mil observadores da OSCE.

O acordo de outubro non foi respectado polas partes. A principios de 1999 a confrontación medrou e o chamado "grupo de contacto" (Alemaña, EE.UU.,

Francia, Italia, Reino Unido e Rusia) convocou en febreiro en Rambouillet unha conferencia na que intentou impor un novo acordo que, similar ao de outubro, reempazaba os observadores da OSCE por un continxente de case 30.000 soldados da OTAN. Malia o grupo de contacto retirar calquera concesión á autodeterminación en Kosova, a delegación serbia rexeitou o despregue de forzas da OTAN, mentres en Kosova se producía a chegada de novas forzas militares e policiais serbias.

O fracaso das conversacións provocou, en marzo, un ataque da OTAN sobre Serbia e Montenegro. As razóns dese ataque eran varias: o desexo de restaurar unha imaxe moi deteriorada, o propósito de evitar un conflito aberto na veciña Macedonia e, con certeza, o desingnio estadounidense de demostrar cal era a única grande potencia do planeta. É difícil dar-lle creto á idea de que a OTAN ten actuado para restaurar os dereitos conculcados á poboación albanokosovar. As accións da Alianza Atlántica desenvolveron-se en aberto desprezo da ONU e ilustraron de novo o vigor dun dobre raseiro que permite operar con enerxía fronte ao réxime, innegabelmente xenocida, de Milosevic pero impide facer o mesmo con réximes que, como o turco, practica desde tempo atrás a limpeza étnica no Kurdistán.

**OS ESCENARIOS DE FUTURO**

Xa que non sabemos como está chamada a concluír a crise derivada do ataque da OTAN e da nova onda de limpeza étnica en Kosova, pouco máis podemos facer que presentar algúns escenarios posibles para o futuro.

(a) Unha consolidación dos efectos da represión serbia. Se cadra, desde o 24 de marzo as unidades serbias ten limpado

eticamente as partes de Kosova -mosteiros e minas- que estiman irrenunciábeis, na confianza de que a comunidade internacional aceptará a triste

realidade dunha partición. Non outra cousa acatou en Bosnia en 1995.

(b) A devolución a Kosova da súa condición autónoma, ben que a estas alturas é difícil que as forzas políticas albanokoso-

EN 1989 O GOBERNO SERBIO ABOLIU A CONDICIÓ  
AUTÓNOMA DE KOSOVA, O  
PARLAMENTO KOSOVAR FOI  
DISOLTO E ABRIU-SE CAMIÑO  
UNHA CRÚA REPRESIÓ

É DIFÍCIL DAR-LLE CRETO Á  
. IDEA DE QUE A OTAN TEN  
ACTUADO PARA RESTAURAR  
OS DEREITOS CONCULCADOS  
Á POBOACIÓ  
ALBANOKOSOVAR



vares acepten semellante horizonte. Isto a parte, na Xugoslavia que integran hoxe Serbia e Montenegro os fluxos centralizadores son moito máis poderosos que os que se rexistraban dez anos atrás, de tal xeito que non é sinxelo imaxinar que suporía para Kosova a recuperación da perdida condición de provincia autónoma.

(c) O recoñecemento do dereito de

autodeterminación de Kosova, algo ata hoxe rexeitado polas principais instancias internacionais. Entre as consecuencias do exercicio dese dereito, se cadra tras un período de protectorado, estarían un Kosova independente -a opción maioritaria entre os albanokosovares- e unha integración en Albania. Segundo o primeiro proxecto, Kosova podería devir un Estado desmilitarizado, con

fórmulas de cantonalización das áreas nas que houbera significadas minorías, acordos extraterritoriais aplicados aos recintos de valor histórico para serbios e montenegrinos -ficarían baixo xurisdicción foránea- e fronteiras moi abertas. O esquecemento deste tipo de proxectos é paralelo ao que teñen por obxecto ao movemento de desobediencia civil albanokosovar.

### PARA REFLECTIR


É obrigado lembrar a responsabilidade central do goberno serbio no que atinxe ao esfarelamento de Xugoslavia. Foi Milosevic quen dinamitou toda a estrutura federal do Estado, quen optou por fórmulas de resolución violenta dos conflitos e quen aceptou de bo grao a consolidación, en Serbia, dun capitalismo mafioso. Mentres gobernen Serbia e Croacia as mesmas persoas que provocaron a desintegración violenta de Xugoslavia é difícil que o escenario mude en proveito do diálogo e da paz.

O capitalismo mafioso que caracteriza á Serbia de hoxe invita a non desbotar, por outra parte, a posibilidade de que o rexime serbio estea a procurar un argumento que presentar ante os seus concidadáns para explicar por que cómpre abandonar Kosova. Milosevic non é un nacionalista, de tal xeito que pouco lle preocupa que Kosova sexa o alicerce da nación serbia. O presidente xugoslavo sabe, ademais, que o crecemento vexetativo dos albaneses é máis alto que o da poboación serbia, de tal forma que no horizonte se albisca un Estado que, de non prescindir de Kosova, contará cunha maioría de albaneses. Así as cousas, Milosevic preferiría preservar o núcleo no que teceru un impresentábel capitalismo mafioso antes que guerrear ata ao fin por un territorio que nada lle di.

É preciso preguntar-se, noutro terreo, por que a finais dos oitenta a comunidade internacional ficou allea ao despregue de calquera política de prevención, por que adiou a súa resposta tantos anos, por que non dubidou en 1995 en dar-lle novas ás a Belgrado, por que non apoiou con forza á oposición democrática serbia, e con ela aos obxectores de conciencia, e por que, alén da retórica, lle ten dado as costas en todo momento aos dereitos humanos. Xa subliñamos que estes últimos pouco ou nada teñen que ver coas accións contemporáneas da OTAN.

A defensa da autodeterminación para Kosova non é senón a resposta a unha política, a do goberno serbio, que ten pechado tódalas demais portas mentres conculcaba os dereitos da maioría da poboación. Claro que a defensa da autodeterminación debe realizar-se en paralelo có recoñecemento dos dereitos das minorías. Ao respecto ten o seu interese lembrar que a principal forza política albanokosovar, a Liga Democrática, ten defendido nos últimos anos que os serbios son tan cidadáns do país como os albaneses. Máis aínda: a súa proposta é a dun Kosova independente que sirva de ponte entre dous estados atavicamente enfrontados: Serbia e Albania.

Nada é máis grave entre nos, en fin, que aceptar os efectos dunha omnipresente etnificación da linguaxe. A satanización "dos serbios", como se entre eles non houbera unha chea de posturas distintas, é unha dramática distorsión da realidade. Tamén o é, probabelmente, o esquecemento dos vínculos que, malia todo, existen entre as comunidades. Na lingua que falan os serbios que viven en Kosova está presente ata un 20% de palabras albanesas. Un sacerdote serbio, o padre Sava, tivo nos últimos meses a coraxe de defender, desde o seu mosteiro de Deçan, ás vítimas da limpeza étnica. Non temos razón ningunha para concluír que xentes como ele son unha absoluta rareza.





# O MAR DUN POETA DAS IRMANDADES:

## GONZALO LÓPEZ ABENTE (III)



Manuel Soto

Emilio Xosé Ínsua

Gonzalo López Abente comezara a súa traxectoria poética mediante colaboracións, tanto en galego como en español, en diversas publicacións periódicas de principios de século como a *Revista Gallega* de Galo Salinas (con poemas como “Un velatorio n-unha aldea”, “A romería da Barca”, “Soneto” ou “O inverno de corazón”, en 1900 e 1901); a revista *Santiago* (poema “A mi amada”, de 1902); o xornal *El Eco de Mugía* (poema “Mugía”, de 1903); a revista *Coruña Moderna* (con poemas como “Madre mía!”, “No monte Corpiño”, “Invernía”, “Redención”, “O atardecer” e “A miña y-alma”, de 1906 e 1907); etc.

Os seus libros **Escumas da ribeira**, **Alento da Raza**, **D’Outono e Nemancos**, así como a súa participación nas Irmandades da Fala, foran-lle conferindo un posto destacado no panorama literario e cultural do primeiro cuartel do século XX, período no que non cesou de colabo-

rar, antes do estoupido da guerra civil, en numerosas publicacións periódicas. Acolleron versos seus a revista *Estudios gallegos*, que dirixía en Madrid Aurélio Ribalta (poema “A palilleira”, en 1915); a revista *Nerio de Corcubión* (con poemas como “Camiño da terra” ou “A Muxía”, en 1921); o xornal bonaerense *Heraldo Gallego* (poema “As campanas”, en 1923); os xornais galaico-cubanos *Heraldo de Galicia e Eco de Galicia* (poema “O Heroe”, en 1920); os boletíns das Irmandades ou da I.N.G. *A Nosa Terra*, *Rexurdimento e Terra*; as revistas *Nós e Ronsel*; a bonaerense *Céltiga* (con poemas como “Os penedos bermeiros”, “O vello mariñeiro”, “Volvoreta de lus”, “Alem”, “O Santo Cristo de Fisterre”, de 1927 a 1931); etc., etc. Xunto a Victoriano Taibo, o noso escritor muxián recibiu no tempo das Irmandades a consideración de digno continuador do estro poético de Ramón Cabanillas, figura

a do cambadés absolutamente canoizada (en termos literarios obviamente) nesa época.

A posguerra impuxo ás nosas letras un prolongado silencio, do que López Abente, como tantos outros, foi igualmente vítima. Houbo que agardar a finais da década dos 50 para encontrarmos, fóra de esporádicas colaboracións en revistas como *Vida Gallega* ou a bonaerense **Lar**, unha nova entrega poética do escritor muxián. Trátase do libro titulado **Centileos nas ondas** (Ed. Galáxia, Colección Trasalba, nº 2, 1.958), con ilustracións de Xohán Ledo.

A pesar do tempo transcorrido e das reviravoltas padecidas polo autor e polo propio país, resulta este **Centileos...** un volume claramente “continuista”, quer dicir, que redundará na mesma temática e na mesma ambientación mareira que marcara poderosamente os volumes pre-bélicos, coa paisaxe da Costa da Morte convertida, máis unha vez, en prota-



gonista esencial. Nas “Verbas limiares” que Sebastián Martínez-Risco, daquela presidente da Academia, coloca no novo volume refere-se a el como “un fermoso retrato lírico do mar”, ao tempo que sinala moi atinadamente: *“o mar que resoa nistas páxinas, como no seo dun irisado caramuxo, non é un mar suxerido ou aludido, senón cinguido ó corazón do poeta por unha longa amizade: coñecido e amado. Dahí que goste de cantalo como escaerio dos seus sentimentos (...) O mar que neles latexa, rítmico e podencioso, non é somentes colo de saudades, nin o fero e baril oucéano, nin o mar da poesía “abstracta”, valeiro de cor, cheiro e sabor... Sin deixar de ser berce de dóres, grandeiro e inxente, vivace e veraz, é, sobor de todo, fonte de belidos símbolos”*.

No poema inicial, que dá título ao próprio volume, López Abente compendia metaforicamente o sentido do seu traballo: non fixo senón roubarlle á natureza mareira (as ondas, os cons e rochedos, os cabos, as ardentias, a espuma...)

*unha “labarada de anceios e de arelas a arder na seca gándara da i-alma”*.

Segue predominando aquí, efectivamente, un ton desencantado, pesadoso e mesmo torturado (“O meu pecado”) que xa marcara, como vimos, alguns dos poemários pré-bélicos. “Invernía”, “noite”, “outono” ou “solpór” son os ambientes predominantes nos poemas e o escritor ve-se a si mesmo como unha ínsua senlleira que *“escisma, debruzada / no mar, tolas ideas”*. As lem-

branzas agradábeis resultan como *“raioliñas de abril”* no duro e constante inverno da vida, de maneira que na fecunda roseira dos anos, di-nos o poeta, *“somentes a cotío frorecen desenganos”*. Vida e maré latexan a idéntico ritmo *“e como as ondas do mar / chegan as desditas mouras”*. Metaforizando-se en navio, o eu poético de Gonzalo gustaría de se refuxiar *“no morno abrigo da Arnela, / encalmada, recollida, como unha nena sinxela / entre o roquedo dormida”*, mais en realidade, navega predominantemente inmerso nun inmisericorde temporal no que o vento dá de proa e ameaza con romper-lle as velas e arrincar-lle o leme á embarcación. O espírito do poeta, como un bergantín desarborado, orfo na inmensidade e a navegar sen rumbo *“perdido na indiferenza / asoballante do mar”*, deriva na amargura para preguntarse:

*“Quê praia, bergantín desarborado, canso de navegar, collerá teu cadavre abandonado a son de vento e mar?”*.

Estas sensacións de derrota, renúncia e abandono acadarán o seu intre climático en poemas como “Non voltarei” e “Ao pór do sol”. Os pecados, aflicións e espantos, sinala o poeta, son “compañeiros fatídicos do meu pelengrinaxe” por un camiño de amarguras e desesperanza, que só a crenza relixiosa vai poder, sequer en parte, aliviar:

*“Pero no meio do negror da vida corusca o lostregueo de unha arela,*


*e unha rosa de amor nace escondida na homildade souril de unha capela. Aquí o pelengrino achou descanso e un niño de agarimo doce e mol; aquí do meu vivir, a este relanso sosegado cheguèi ao pór do sol”*.

Noutros poemas de **Centileos...**, como os titulados “O navío esperado” ou “As velliñas”, López Abente personifica a través de figuras femininas (nomeadamente a da vella solteira que agarda aínda, contra toda evidencia, o regreso do seu amor mariñeiro) as ánsias vitais non colmadas, as ilusións definitivamente perdidas, a pasaxe do tempo, os ensoños xamáis cumpridos. Ben é certo que tamén a lira festiva de López Abente fai a súa oferta en **Centileos...**, con poemas como “Camiño da Romería” ou “Festa” (“a gaitiña grileira xa non pode / tanto riso aguantar dentro do fol”). Tamén o seu gosto pola paisaxe local aflora nos versos de “Furna da Rechinola”, “Pobre domingos de Deus”!, “Polo areal de Lourido” ou “Monte do Vilán”. No longo romance “O almiral” conta o poeta muxián a historia dun paisano de Touriñán chamado Cristobo, que vestiu no día de festa a roupa dun almirante inglés (achada nunha maleta procedente dun naufragio) e acabou preso. Outras veces, así e todo, será a épica real da vida dos mariñeiros, coa súa dureza e co seu implacábel tributo de vidas, a que mova a pluma do noso autor, con poemas como “A traxedia” ou “Náufragos”:

*“Baten as vagas de mar nas orelas contra o roquedo barudo i ergueito e nos algarves das bravas arnelas roxe a madeira dun barco desfeito”*

Ecoan, por último, en **Centileos...**, con enorme forza, os xeitos e ares dalgunhas correntes estéticas vangardistas da pré-guerra, como o neotrobadorismo e o hillozismo. Entre as metáforas que inzan os poemas achamos a do mar posto de xionllos fronte a un cruceiro, a da noite vestida de capa negra e sombras, a da hóstia do sol-pór consagrando-se no líquido mantel do altar mareiro, a do luceiro que afoga nas ondas por non saber nadar, a da noite que afunde as súas mans na cabeleira revolta do mar, a da nube ferida por un raio de sol, etc.

(vai continuar)



Manuel Soto





## ASEMBLEA XERAL DE ADEGA

O pasado 13 de marzo tivo lugar en Santiago a asemblea xeral da Asociación que estableceu as liñas básicas de actuación naqueles temas prioritarios, abordou diversas cuestións organizativas e elixiu a nova xunta directa. Perto dun cento de persoas, entre asociados/as e convidados/as, acudiron á asemblea de ADEGA para coñecer directamente os informes sobre a situación da asociación, a problemática dos novos encoros no Ulla (presentación realizada por Xan Louzao, membro da coordinadora contra os encoros e sócio de ADEGA) ou asistir á conferencia de Carlos Vales sobre Estratexias para a Conservación da Biodiversidade. Asimesmo, tivemos ocasión de coñecer dúas exposicións, unha sobre o impacto ambiental dos encoros (realizada polo grupo ecoloxista Cempés) e outra sobre a contaminación ambiental no entorno das plantas de SOGAMA en Cerceda (realizada pola delegación local de ADEGA), así como unha banda deseñada presentada en televexo, a cargo do colectivo Oureol e a FEG.

Polo serán, coa presenza duns 50 sócios/as, abordaron-se as liñas de actuación, o que requiriu máis tempo do previsto, especialmente nos diferentes eidos relacionados coa enerxía: o marco enerxético xeral e o impacto das novas infraestruturas de enerxías

renovábeis tais como os parques eólicos, minicentrais e encoros, especialmente cando se colocan en espazos de interese natural. Puxo-se de manifesto que se pode (e se debe) promocionar as enerxías renovábeis sen danar os principais valores ambientais do país, pero tamén que só ten sentido promover a produción de enerxía renovábel se hai un plano de substitución das enerxías súxas: contrariamente, o plano da Xunta prevé un incremento catro veces superior no consumo de enerxía fósil que de enerxía renovábel.

Outro dos temas abordados foi a xestión do lixo, eido no que se acordou divulgar a importancia da compostaxe, demandar o abandono da incineración e a saída dos concellos de SOGAMA, e tamén se propuxo facer un seguimento máis estreito dos resultados da recollida selectiva que SOGAMA comeza a realizar. A agricultura ecolóxica, a problemática do litoral, ou as actividades de educación ambiental tamén centraron a atención da Asemblea.

### NOVA XUNTA DIRECTIVA

Acordou-se mellorar a nosa participación e coordinación coa Federación Ecoloxista Galega, e aceptar en liñas xerais a proposta de colaboración do grupo Erva de Vigo. O debate do tema de relación estatais e ibéricas ficaria para unha nova asemblea extraordinaria, que tivo

lugar o 17 de abril e na que se acordou estudar as posibilidades de iniciar algún tipo de colaboración con Ecoloxistas en Acción, na vía dun reforzamento das relacións bilaterais con grupos de Portugal e das nacións do Estado.

Por último, procedeu-se a elección da nova Xunta Directiva, para a que existía unha proposta da Xunta sainte que, tras novas incorporacións, ficou da seguinte forma:

Presidencia: *Manuel Soto Castiñeira*  
 Secretaria Xeral: *Daniel Vispo López*  
 Tesourería: *Rocio de la Iglesia*  
 Vicepresidencia: *Edelmiro Momán Noval*  
 Vicesecretaría: *Xosé L. Salvadores Cobas*  
 Vocais:  
*Alberte Sánchez Regueiro*  
*Emilio Graña Mosquera*  
*Isabel Kerdudo*  
*Isabel Torres Yack*  
*Fernando Malvar Cortizo*  
*Bernardo Novoa Garcia*  
*Xavier Vázquez Pumariño,*  
*Mercedes Monteagudo Poceiro*  
*Antón Fortuna Rodríguez*

### XORNADAS SOBRE OS TRANSXÉNICOS

Organizadas polo SLG e ADEGA os pasados 26 e 27 de febreiro, contaron cun elevado número de participantes, até encher ao completo a sala da EGAP (Santiago). Nas xornadas puxo-se de manifesto a falta de infor-



mación que hai na sociedade sobre os temas relacionados coa enxeñaría xenética, en especial sobre aqueles que afectan ás producións agrícolas e a calidade dos alimentos, e centraron-se na explicación de términos e procesos científico-técnicos, pero sobre todo no debate sobre as consecuencias ambientais e sociais destas técnicas e do seu dominio por parte das multinacionais agroquímicas.

O papel dos científicos no seo da sociedade tamén foi valorado e mesmo cuestionado. Entre as conclusións ficou clara a necesidade de prestar atención a este tema no futuro inmediato, única forma de adiantar-nos e prevenir algúns dos graves problemas que acarreará a introdución masiva de organismos modificados xeneticamente no medio.

Para máis información, dirixir-se aos locais de ADEGA ou do SLG.

## ACCIÓN GLOBAL DOS POVOS CONTRA O "LIBRE" COMERCIO E A OMC

### PROGRAMA DE EVENTOS PARA 1999

Os gobernos do Norte e as multinacionais de todo o mundo queren expandir aínda máis o rexime da OMC, que fixa as regras de explotación e pillaxe do capitalismo global e garante a súa continuidade. Só unha mobilización masiva e global contra estas políticas pode deter este ataque frontal á vida de millóns de persoas ao futuro do planeta.

Recollemos os principais proxectos inspirados pola rede internacional "Acción Global dos Povos (AGP) contra o Libre Comercio e a Organización Mundial de Comercio (OMC)" que terán lugar en 1999. Se esta é a primeira vez que entras en contacto coa AGP e queres ter máis información, por favor visita as páxinas web en [www.agp.org](http://www.agp.org) ou envía unha mensaxe a [pga@agp.org](mailto:pga@agp.org).

### SEGUNDA CONFERENCIA AGP

Terá lugar en Bangalore (India) os días 23 ao 26 de agosto. A segunda conferencia AGP lanzará un proceso de discusión entre movementos de base de todo o mundo sobre o papel e as funcións que debería ter unha rede de comunicación e coordi-

nación como a AGP, e como debería cumprir estas funcións. Esta discusión non pudo ter lugar na primeira conferencia da AGP (Xenebra, 23-25 de febreiro de 1998) pois a maior parte do tempo foi adicado á discusión do manifesto da AGP, e a coordinar accións contra a Segunda Conferencia Ministerial da OMC en maio de 1998. Coidamos que é necesario comezar esta discusión entre movementos de base tan axiña como sexa posíbel, co obxectivo de avanzar no proceso da AGP e de condolidalo.

A conferencia tamén supón unha oportunidade para planificar mobilizacións masivas contra a Terceira Conferencia Ministerial da OMC, e xenerar novos plans para accións. O manifesto da AGP será revisado durante a conferencia e elixira-se un novo Comité de Convocantes.

A conferencia será hospedada pola Asociación Campesina de Karnataka (KRRS), un dos maiores movementos sociais no Sul de Asia, polo que *tod@s@s* participantes da conferencia terán a ocasión de coñecer o traballo deste movemento de base.

### CARAVANA INTERCONTINENTAL POLA SOLIDARIEDADE E A RESISTENCIA

Catrocentos activistas e *campesin@s* da India e cen activistas doutros países do Sul virán a Europa en maio/xuño para confrontar aos gobernos, institucións e intereses económicos responsabeis pola súa explotación e a destrución do seu medio ambiente.

### DIA DE PROTESTA E ACCIÓN INTERNACIONAL

Será o 18 de Xuño 1999, e dirixese contra o corazón da economía -os distritos financeiros e bancários e as multinacionais- coincidindo co primeiro día do cumio do G8. A idea é animar a tantos movementos e grupos como sexa posíbel a organizar as súas propias accións e protestas autónomas.

### MOBILIZACIÓN MUNDIAL

Durante a Terceira Conferencia Ministerial da Organización Mundial de Comercio (OMC), que terá lugar en Seattle, USA do 29 de novembro ao 3 de decembro 1999.

## O CONGRESO DO MILENIO PARA OS XOVES DE TODO O MUNDO

A idea dun congreso internacional de xoves centrado na sustentabilidade global, os dereitos humanos e a Paz, está gañando un crecente interese entre mozos e mozas de todo o mundo. No vindeiro mes de Outubro de 1999, espérase congregarse en Honolulu (Hawaii, U.S.A.) máis de mil xoves procedentes de máis de 190 países, para un Congreso de cinco días no que discutirán e presentarán as súas prioridades para o próximo milenio.

Durante este evento, os xoves construírán un Xardín da Paz, producirán o musical multicultural *Peace Child 2000* e un libro titulado *Rescate 2000*, que resumirá as súas prioridades. Cada delegación xuvenil presentará o libro aos mandatários dos seus países á volta do evento.

O Congreso está organizado polo colectivo inglés *Peace Child International* e conta co apoio das Nacións Unidas

Os colectivos e grupos interesados en participar deben poñerse en contacto canto antes co Coordinador (Manuel A. Fernández), pois no mes de Xuño celebraremos unha reunión para designarmos os representantes do Estado.

En palabras do coordinador xeral, Mr. David Woollcombe: "O tema central do congreso será a sustentabilidade: ¿Como aseguraremos a supervivencia da Humanidade para poder asistir a outro cambio de milenio no ano 2999. Hawaii é un perfecto lugar de encontro non só porque as súas beleza naturais representan unhas das millores razóns para salvar o noso planeta, senón porque tamén os xoves de Hawaii están seriamente implicados na procura de camiños que aseguren a sustentabilidade das súas illas".


Máis información:

Manuel Antonio Fernández Domínguez  
ICE- Universidade de Santiago  
Tf. 981-584321,  
Fax. 981-584533  
E-mail: [xell@corevia.com](mailto:xell@corevia.com)



# Guía da flora do litoral galego

Luis Alberto Sanmartín  
Helena Lago Canzobre



XERAIS

## LIVROS

Tal e como indican o autor e a autora na introdución da guía, Galiza garda na súa extensa franxa litoral unha das súas máis interesantes riquezas naturais. A vexetación e a flora de praias, dunas, xunqueiras, estuarios, regos e acantilados contribúe de maneira mui importante a esta elevada biodiversidade.

A obra comeza cunha correcta e precisa descrición sobre aspectos xeolóxicos, xeomorfolóxicos e climatolóxicos do litoral, enfatizando a súa influencia na flora e vexetación. Seguenlle uns breves e interesantes capítulos acerca das adaptacións vexetais ao medio litoral, a diversidade de tipos de comunidades e paisaxes vexetais e unha análise da situación de conservación do litoral parcial e incompleta, pero cuxa inclusión amosa un posicionamento moi interesante e de agradecer. O catálogo florístico, verdadeiro obxecto desta guía, ordénase de forma moi accesible mesmo para @s non iniciad@s, seguindo máis a cor

das flores (non se inclúen fentos, musgos e demais plantas criptógamas sen flores) que as familias ou os hábitats. A excelente fotografía axuda moito na identificación, acompañada a modo de ficha por unha serie de datos: nomes galegos e castelás cando se coñecen, descrición botánica nunha linguaxe quizá excesivamente especializada, pese ao completo glosario de termos que se xunta ao final da obra; e datos ecolóxicos e de distribución un tanto escasos, pero xustificables tendo en conta o actual grao de coñecemento da vexetación litoral, onde os acantilados están moito menos estudados que as dunas e as marismas.

En definitiva unha aportación moi interesante que debe servir para favorecer o coñecemento da riqueza biolóxica do noso litoral e que nos será útil para completar calquera excursión ás costas e praias, tan visitadas en Galiza como espacio de ocio e lecer.

P.A.

## ENCRUCILLADO EXIL

Solucións ao encrucillado da CERNA Nº 26 (HORIZONTAIS): 1 ARQUIVEIRO, 2 MEU • RÁBMUL, 3 EXÍMIO • ASE, 4 NOMAM • T • AO, 5 D • INÍCIA • D, 6 OEC • AURC • U, 7 AMAR • OERC, 8 SI • ARUSNOT, 9 TACOS • OSO, 10 VOLUME • SA.

**HORIZONTAIS.** 1. Torre provista dun foco luminoso que serve para orientar ós barcos nas proximidades da costa. Facenda pública, sección da Administración que cobra os impostos. 2. ...dos Rios, nas proximidades da Coruña. Ao revés, xénero literario de grande tradición na nosa literatura. 3. Figuradamente, unión, vínculo. Consoante. Personaxe célebre dunha obra do escritor Alfred Jarry. 4. Vocal de abertura media. Raras, defectuosas. 5. Deus do sol, na cultura expícia. Queiras, estimes. Cincuenta. 6. Sobre fechado que contén os datos dun concursante. Perna de animal. 7. Ao revés, nota musical. Ao revés, iniciativas ou propostas para seren discutidas. 8. Pai dun pai. Altar. Vocal de abertura media. 9. Ao revés, incrédulos. Labrar. 10. Prefixo negativo. Outorgaron, concederon.

**VERTICAIS.** 1. Partícula de neve. Afirmación. 2. Extremidade das aves. Ao revés, parroquia de Sanxenxo. 3. Agrupamento de seres humanos con caracteres comúns, estirpe. Vocal de abertura mínima. Olla, fita. 4. Vocal de abertura media. Ao revés, natural dunha determinada zona da actual Italia. 5. Vocal de abertura máxima. Cidade do Próximo Oriente. Ao revés, outorga, concede. 6. Que non se move. Ao revés, contracción. Vocal de abertura media. 7. Ao revés, afirmación. Figuradamente, querer chegar a conseguir algunha cousa. 8. Capital dunha das Coreas. Pequeno animal que intervéen en determinados procesos alérxicos. 9. Elemento químico, altamente magnético e moi utilizado nas radiografías. Ao revés, símbolo químico do sodio. 10. Primeiro termo do nome dunha coñecida secta católica de influencia contrastada en determinados ambientes políticos e universitarios. Sentimento afectuoso.

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
1										
2										
3										
4										
5										
6										
7										
8										
9										
10										

## DISCOS

Recollemos aquí algunhas das últimas edicións de DO FOL en música folk e popular recibidas no local da revista e que poden interesar aos lectores e lectoras de Cerna.

### SUSANA SEIVANE



O primeiro disco de Susana Seivane (Edicións DO FOL) é un traballo de música tradicional con xotas, maneos, muiñeiras..., moitas das pezas foron recollidas da música tradicional galega. No disco participan músicos de Milladoiro, Berrogüetto, Beladona, Cempés, entre outros. Susana pertence a unha das familias de prestixio dentro dos constructores de gaitas: a familia Seivane.

### CANTIGAS DE NADAL

Tráta-se dunha revisión, a través de once artistas e grupos, actualizada e moderna das Cantigas de Nadal, recuperando a memoria histórico-musical da Galiza. Máis de cen persoas traballaron durante nove meses neste disco: Berrogüetto, A Quenlla, Xistra de Coruxo, Os Cempés, Leilia, Maite Dono, Pancho Álvarez, Muxicas, Uxia, Na Lúa, Chouteira. Con este traballo recupera-se a riqueza de ritos costumes e tradicións referentes á música de Nadal.

### PANCHO ÁLVAREZ

Floréncio o cego dos Vilares.

É un traballo-homenaxe aos cantares de cegos e aos seus protagonistas; un disco inspirado nun dos derradeiros cegos violinistas da Galiza, Floréncio.

Membro fundador de Matto Cóngrío e Na Lúa, Pancho Álvarez sempre está relacionado con proxectos interesantes no mundo da música. Neste disco de Edicións DO FOL interpreta perfectamente ao Sr. Floréncio que representa ao mundo do folclore marxinal, ao mundo da música dos moicanos.



# Primavera-Verán '99



CONCELLO DE OLEIROS

## FOTOMARATÓN:

Día Mundial Do Medio Ambiente  
II certame de fotografía de medio ambiente "Fernando Pereira"  
5 de xuño. Profesionais e afeizoados/as.

## CURSO DE CONTACONTOS:

por Samarkanda  
Sábados de xuño, de 4 a 8  
Matrícula: 2000 Ptas.



## CURSO DE APROXIMACIÓN AO TEATRO:

Impartido por Lino Braxe e Flor Maceiras  
Xuño e xullo de 1999 (martes e xoves)  
MAIORES DE 16 ANOS, 2000 Ptas..

### Máis información:

Casa da Xuventude  
Concello de Oleiros  
Rúa Darwin, 1-Perillo  
Tel. 981-636569

## PLAN DE XESTIÓN DE R.S.U. DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA (Brión, Lousame, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Muros)




¡ Compostaxe e Reciclaxe ...  
... Naturalmente !



## PLAN DE XESTIÓN DE RSU DA MANCOMUNIDADE DO MORRAZO

"DÁLLE VIDA  
Ó TEU LIXO."




### BASEADO NA:

- ☛ PARTICIPACIÓN CIDADÁ
- ☛ RECOLLIDA SELECTIVA
- ☛ RECICLAXE DA MATERIA ORGÁNICA E RESTO DE MATERIAIS



MANCOMUNIDADE DO MORRAZO





## **PRIMAVERA**

**A fraga amence hoxe navegada**

**O vento ole a néctar  
e eleva mel e bolboreta.**

**Árbores onte espidas  
énchense de festa e galano,  
e mesmo parece que o home**

**Falacia inmensa de primavera**

**de flores**

**foi feliz algún día.**

**Fernando Díaz-Castroverde,  
do libro CAMIÑO DE PÍTEGAS (1998)**

**Cerna, a túa revista, naturalmente**